

IGADI ANNUAL REPORT 2010-2011

Tempo de axustes

impulsos, inercias e resistencias
na nova orde global



INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL

20
ANIVERSARIO
2011

IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.org



Tempo de axustes

impulsos, inercias e resistencias na nova orde global



Dirección: Xulio Ríos.

Equipo colaborador: Ramón Lugrís, María Àngela Tous Sansó, Roberto Mansilla, Jaume Giné, Katarzyna Araczweska, Alfredo Toro Hardy, Roberto Montoya, Enrique Sáez Ponte, Carlos Vales, María Xosé Agra Romero.

Maquetación: Breogán Xuncal Pereira

ISSN: 1989-9130

Índice

Presentación	4
1. As claves de 2010	
1.1. A UE das crises económicas	6
1.2. África despois do Mundial	7
1.3. Asia, entre China e EUA	8
1.4. Wikileaks acurrada a Washington	9
1.5. Un “novo republicanismo” para Obama	10
2. Perspectivas para 2011	
2.1. O Brasil de Dilma Rouseff	12
2.2. Cuba: a axenda da “actualización”	13
2.3. O centenario chinés	14
2.4. OTAN-Rusia: ¿un novo ciclo?	15
2.5. Retrocesos e compromisos en Oriente Próximo	16
3. Reflexións por áreas xeográficas	
3.1. Europa, desbordada pola crise por <i>Ramón Lugrís</i>	18
3.2. África: a hora da consolidación democrática por <i>María Àngela Tous Sansó</i>	20
3.3. América Latina nun novo decenio por <i>Roberto Mansilla</i>	21
3.4. Asia, á marxe da crise? por <i>Jaume Giné</i>	22
3.5. Rusia, vinte anos despois da disolución da URSS por <i>Katarzyna Araczevska</i>	25
4. Reflexións transversais	
4.1. Wikileaks: poderá sobrevivir a diplomacia? por <i>Alfredo Toro Hardy</i>	28
4.2. O G20, un novo directorio mundial? por <i>Roberto Montoya</i>	31
4.3. O futuro do Estado do benestar por <i>Enrique Sáez Ponte</i>	33
4.4. O clima: de Copenhague a Cancún por <i>Carlos Vales</i>	35
4.5. A universalidade dos dereitos humanos: entre a retórica e a loita por <i>María Xosé Agra Romero</i>	37
Os Autores	40

O.

Presentación

Salientamos neste informe anual correspondente a 2010 a secuencia de impulsos, inercias e resistencias que acompañan o proceso de reconfiguración da orde global que vive momentos de intensa aceleración en virtude do agravamento de diversas crises, económica e financeira en primeiro lugar, pero tamén ambiental, humanitaria e de seguridade, con diversos focos de notable intensidade. En efecto, a propagación da crise da débeda soberana en Europa e o aumento do estatus das economías emerxentes complementouse co impacto de enormes devastacións como o terremoto de Haití ou o derrame petrolero no Golfo de México. Na outra, o incremento da tensión en Asia oriental desatou as alertas respecto dunha crise que ameazaba con desbordarse.

Axuste foi a palabra máis oída nas maiores economías do mundo, con EUA esforzándose por superar as súas debilidades estruturais, Europa loitando contra sucesivas crises de débeda soberana, e os países emerxentes intentando eliminar os posibles riscos derivados dunha inflación crecente. As economías desenvolvidas precisarán varios anos para saír da crise, mentres o panorama nos países en vías de desenvolvemento presentan perspectivas diverxentes: as maiores, con liquidez abondo e un mercado financeiro máis sólido teñen boas expectativas, pero as que dependen en demasía da exportación de recursos, cunha industria manufactureira débil, déficit comercial internacional e limitadas

reservas de divisas estranxeiras, serán máis fráxiles.

No contexto de Asia Pacífico, o inicio da área de libre comercio entre China e os países da ASEAN, a máis grande do mundo, con case 2.000 millóns de persoas e un PIB combinado de seis billóns de dólares, marcou un fito nunha rexión que será clave no presente século e que amosou tamén tanto os seus innumerables buratos negros en función da persistencia de graves conflitos como tamén da irrupción de EUA coa clara intención de plantar cara a Beijing.

América Latina deu síntomas dunha clara recuperación en 2010, pero debe consolidarse en 2011 en medio dunha intensa actividade política, entre reformas e eleccións en diversos países. A rexión prevé un crecemento do 4,2 por cento no novo ano, debendo desenvolver políticas públicas activas para reducir a pobreza en medio dunha fonda incerteza sobre o comportamento das economías de EUA e a UE, se ben con grandes esperanzas no intercambio comercial Sur-Sur e, especialmente, con China. Se a reaparición de Fidel Castro marcou o ano cubano, o inicio do plan de transformacións económicas e sociais marcarán o acontecer na illa caribeña en 2010, baixo a atenta mirada de Washington.

EUA, cunha recuperación económica débil, encara o cumprimento da promesa do inicio da retirada das tropas de Afganistán en xullo de 2011. A finais do mesmo ano debe retirar os 50.000 soldados que aínda quedan en Iraq. As dúbidas sobre o cumprimento dos plans de retirada persisten ante o atoramento de ambos conflitos. Por outra banda, os desafíos nucleares de Irán e Corea do Norte suporán importantes retos estratéxicos para a diplomacia estadounidense.

En Oriente Medio, EUA non logrou que palestinos e israelís volveran á mesa de negociacións, cos asentamentos no epicentro das disputas e o rexeite hebreo á esixencia palestina de que a nova moratoria inclúa Xerusalén Este. A paralización das negociacións evidencia un fracaso importante da política exterior do presidente Obama.

Rusia constatou en 2010 a reaparición do terrorismo, frustrando as esperanzas do tándem Medvedev-Putin de ter derrotado a insurxencia trala designación do prorruso Ramzan Kadyrov como presidente da conflitiva república de Chechenia, no Cáucaso Norte. Ao longo do ano, Moscova contabilizou ata 24 atentados de consideración, todos eles, salvo dous, acontecidos na citada rexión. A fin do período de “calma” (2006-2009) amosa a urxencia de concibir unha nova política que preste unha maior atención aos problemas sociais e económicos.

A piques de cumprírense dez anos do 11S, a OTAN asegura ter entrado na era “3.0”, cun novo concepto estratéxico, o terceiro despois do fin da guerra fría, reflectindo as tendencias globais de seguridade, enfatizando a defensa colectiva pero outorgando unha maior importancia ao desenvolvemento dunha defensa moderna para facer fronte a novas ameazas (terrorismo, proliferación de armas de destrución masiva, mísiles, ataques cibernéticos, trastornos no subministro global de enerxía, e o cambio climático).

O reparto do escenario mundial aínda conta cunha superpotencia con múltiples poderes. Non obstante, a dinámica no panorama internacional está xirando cara un maior equilibrio entre os países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento. No marco do G20, pese ás súas clamorosas insuficiencias, evi-

denciouse como os emerxentes asumen un papel cada vez mais similar aos desenvolvidos no pilotaxe da economía mundial. Trala última reforma, o poder de voto deste colectivo no Banco Mundial medrou ata representar o 47,19 por cento, convertendo a China no terceiro maior accionista detrás de EUA e Xapón. O FMI decidiu en outubro cambiar máis do 6 por cento das cotas aos membros actualmente subrepresentados.

Os avances e consensos logrados no seo do G20, por outra banda, son claramente insuficientes para lograr a reforma do sistema monetario internacional e están lonxe de reflectir esa evolución do centro do crecemento económico mundial a favor das economías emerxentes que está a transformar o panorama global.

Os procesos en curso acreditan a formación dunha estrutura internacional máis pluralista e multipolar, onde medra a interacción, se ben non vai traducirse automaticamente nunha resolución equitativa e cooperativa dos problemas globais, activando máis probablemente as loitas pola satisfacción dos intereses estratéxicos respectivos.

O director

1.

As claves de 2010

1.1

A UE das crises económicas

Rescates financeiros de Grecia, Islandia e Irlanda; temores sobre a consistencia da “eurozona”; convulsión e conflitos sociais contra o actual modelo económico; tensións sobre o futuro do “estado social de benestar”. A Unión Europea en 2010 estivo marcada polo impacto da crise económica e dos programas de rescate financeiro realizados a instancias do Banco Central Europeo (BCE) que, incluso, chegaron a colocar baixo a súa lupa a outros países como Portugal, Hungría e España.

O escenario de desemprego e recesión económica incrementou a tensión social, con numerosas folgas e protestas en Grecia, Italia, Francia, Irlanda, Gran Bretaña, Portugal e España, xerando difíciles conxunturas para os respectivos gobernos. Paralelamente, o endebedamento público motivado polos rescates financeiros tamén suxire unha complicada situación para 2011, especialmente nos países “beneficiados” por este rescate: o BCE inxectou miles de millóns de euros nos bancos da “zona euro” mentres que, a finais de 2010, comprou bonos dos países periféricos por valor de 67.000 millóns de euros.

Bruxelas debeu tamén moderar o pulso interno na UE, principalmente con respecto á preponderante posición de Alemaña, o motor económico europeo, á hora de afrontar os

programas de rescate cara as economías do Sur do continente, en risco de “default” financeiro. A chanceler alemá Ánxela Merkel eludiu insistentemente a creación dun fondo de rescate valorado en 750.000 millóns de euros, posición que provocou fortes tensións políticas dentro da UE.

Este contexto de crise económica alterou substancialmente a consistencia do tradicional eixe xeopolítico entre Berlín e París dentro da UE, claramente favorable ás pretensións alemanas. Deste modo, Alemaña impónse como o verdadeiro líder europeo mentres Francia presenta síntomas dun certo declive político no seo da UE, cun perfil cada vez máis asimétrico.

Actualmente, a economía alemana representa case o 27% do PIB da zona euro, mentres que a francesa segue a ocupar un 21% con perspectivas cada vez máis decrecentes. En 2011 estímase que Berlín desenvolverá unha forte presión para ocupar cargos de maior peso político dentro da UE, tales como a dirección do BCE.

En todo caso, a crise de 2010 confirma a tendencia económica da UE cara a ortodoxia e o axuste dos orzamentos comunitarios, agravada pola perspectiva de novos rescates financeiros e dun incremento da inflación. O efecto dos riscos de “default” en Grecia e Irlanda ameazan con expandirse cara outros países do Sur europeo, que poden adquirir contornos complicados a medio prazo, especialmente ante o remate dos fondos europeos de converxencia en 2013. Igualmente, a crise económica persuadirá a Bruxelas a retardar o proceso de ampliación cara o Leste, á espera de concertar o posible ingreso de Croacia.

Este escenario de crise tamén se traslada á moeda única, o euro, sumamente re-

valorizado nos mercados internacionais, especialmente ante o proceso de depreciación do dólar estadounidense que propiciaría un maior abaratamento das exportacións de EUA. Unha década despois da súa posta en marcha, por vez primeira, a crise de 2010 revelou un clima de desconfianza pública sobre a consistencia e o mantemento do euro.

1.2

África despois do Mundial

África celebrou en 2010 o 50º aniversario da independencia política do colonialismo europeo. Con este acontecemento histórico de fondo, a realización en Sudáfrica do Mundial de Fútbol 2010 permitiu momentaneamente colocar no centro de atención global ao continente africano, menos prexudicado parcialmente pola crise económica mundial e persuadido de consolidar a estabilidade e transición democrática en países marcados polas rivalidades étnicas e tribais e as secuelas de diversos conflitos armados.

A organización surafricana deste evento deportivo e os miles de millóns de euros recibidos en investimentos incrementaron aínda máis as expectativas sobre o éxito da transición “post-apartheid” neste país emerxente e con pretensión de actor global, a tenor da súa inclusión en foros internacionais como o IBSA xunto a India e Brasil. Non obstante, subsisten inquietudes sobre o futuro surafricano, en virtude da persistencia de graves desigualdades socioeconómicas.

No contexto rexional, o esforzo por consolidar procesos democráticos na maioría dos países africanos proseguiu a súa andaina en 2010, evidenciando nalgúns casos o ascen-

so de novos actores e novas elites con maior peso político. Países como Etiopía, Tanzania, Burundi e Ruanda realizaron eleccións democráticas. Noutros casos, como o de Guinea Conakry, o retorno dun goberno civil elixido democraticamente tras un período de gobernos militares abre escenarios incertos sobre a estabilidade política das novas democracias africanas.

Pero a inestabilidade e o risco de conflitos armados seguen vixentes en África. A crise postelectoral en Côte d’Ivoire, tralos reclamos de vitoria do candidato opositor Alasane Dramane Outtara sobre o actual presidente Laurent Gbagbo, intensifica os temores dunha renovación da guerra civil acaecida entre 2002 e 2007. Outros casos preocupantes foron os golpes militares e crises internas en Níxer e Guinea Bissau, persistindo, sen solución política, outros conflitos armados e territoriais na República Centroafricana, a República Democrática do Congo, Etiopía, Sudán, Chad, Somalia, Madagascar, Guinea e Senegal.

Pola súa banda, a represión marroquí nos campamentos de refuxiados no Sáhara Occidental revelou as consecuencias do fracaso da ONU á hora de encarar a solución dun problema de soberanía afastado da atención internacional. En xaneiro de 2011, pola contra, e cos auspicios da ONU, debe efectuarse un decisivo referendo de autodeterminación en Sudán do Sur que pode propiciar a secesión deste territorio, nun delicado contexto que pode reavivar o conflito armado e a crise humanitaria.

Pouco inseridos no proceso de globalización, a crise económica afectou levemente aos países africanos. O crecemento global das economías africanas estímase nun 2% en

2010, segundo cifras do Banco Africano de Desenvolvemento (BAD).

China segue a constituírse como o principal socio económico e comercial dunha gran parte dos países africanos, multiplicando a súa balanza comercial e investimentos, principalmente cara países produtores de petróleo (Angola, Guinea Ecuatorial). Ao mesmo tempo, apréciase unha maior implicación diplomática e comercial dentro do contexto africano por parte doutros actores como Brasil, India, Venezuela, Irán ou Turquía, un aspecto que afianza o proceso de integración dende o Sur.

Esta tendencia vai desprazando a tradicional preponderancia occidental e europea no continente africano. Europa segue a observar a África como un socio estratéxico en materia de inmigración ilegal e como potencial mercado enerxético, especialmente a través da Unión Mediterránea cos países do Magreb, Marrocos, Alxeria, Tunicia e Libia. Pero o seu peso e influencia é cada vez menor.

1.3

Asia, entre China e EUA

O ano 2010 confirmou o progresivo tránsito do péndulo do poder de Occidente a Oriente. O Pacífico e o Sueste asiático están afirmándose como o principal núcleo de crecemento e desenvolvemento económico e a principal alternativa á tradicional hexemonía euroatlántica. Unha perspectiva que, ineludiblemente, devén nun pulso de intereses entre China e EUA.

Coa crise coreana na recámara e as súas consecuencias para seguridade rexional e global, primou o impacto da crise económi-

ca internacional como principal centro de atención en Asia. Tras superar levemente a recesión económica de 2009, o auxe das exportacións asiáticas permitiu afastar os riscos provenientes da crise europea e do baixo crecemento estadounidense, confirmando por qué Asia está en mellores condicións que Europa e EUA para superar esta crise.

O reforzamento asiático tamén se traduciu nos eidos da integración rexional, principalmente coa entrada en vigor en 2010 da Área de Libre Comercio entre China e a Asociación de Nacións do Sueste Asiático (ASEAN, siglas en inglés), á que se sumarán proximamente Xapón e Corea do Sur. En 2010, China superou a Xapón como segunda potencia económica global, albiscando índices de crecemento que roldan o 10%. O Banco Central de China reclamou insistentemente nos foros internacionais a concreción dunha nova arquitectura financeira global, que compense e transcenda a hexemonía do dólar, un factor que incrementa o nivel de sostida tensión entre Washington e Beijing.

O pulso entre China e EUA igualmente se dirime ante o fracaso da concreción dun G-2 impulsado por Washington para amortecer o imparable ascenso chinés. A actual crise na península coreana intensifica esta tensión: mentres EUA acelera a súa cooperación militar con Corea do Sur e Xapón, Beijing tenta moderar o clima prebélico activando unha ampla diplomacia que permita conter, igualmente, a Corea do Norte, cun réxime que comeza a experimentar as incertezas propias dunha opaca sucesión política.

A crise coreana supón unha oportunidade clave para calibrar o peso político e diplomático de Beijing á hora da resolución de conflitos que afectan á seguridade global. Pa-

raramente, EUA tenta aproveitar esta crise prebélica na península coreana para reaxustar as alianzas xeopolíticas en Asia Oriental, con especial énfase en conter o ascenso chinés.

Alén do pulso entre China e EUA, outros países asiáticos lograron recuperar levemente o seu desempeño económico. Tras unha forte contracción do 5,1% en 2009, Xapón logrou moderar esa caída mentres a India presentou índices de crecemento moi similares a China, con prognósticos de maior expansión para os próximos anos. Pola súa banda, os denominados “tigres asiáticos” (Corea do Sur, Singapur, Hong Kong, Taiwán, Malaisia, Indonesia e Tailandia) están superando a etapa da recesión económica, albiscando importantes índices de crecemento que, no caso de Singapur, poderían incluso cifrarse nun 15%, o maior do mundo en 2011.

De cara aos próximos anos, 2011 podería indicar un despegue significativo asiático con respecto a EUA e Europa, mentres aumenta a significación de Asia nos organismos internacionais. Un panorama no que países como China e, moderadamente, a India, imporán paulatinamente o seu ritmo.

1.4

Wikileaks acurrala a Washington

A organización Wikileaks (creada en 2006) e o seu director Julian Assange, convertéronse en protagonistas clave da axenda internacional en 2010. A revelación de milleiros de documentos desclasificados por unha rede de colaboradores “infiltrados” nas maiores instancias de poder, principalmente dentro do Pentágono e do Departamento de

Estado en Washington, espiaron os resortes de poder de EUA arredor do mundo.

A persecución da fiscalía sueca (coa presumible anuencia de Washington) contra Assange por un presunto delito de acoso sexual contra dúas colaboradoras e a adopción doutras medidas de presión, incrementa estas expectativas cara Wikileaks e o seu desenvolvemento futuro. En 2010, as revelacións concretáronse en tres escenarios clave: Os Papeis de Iraq; os Papeis de Afganistán; e, finalmente, unha impresionante desclasificación de máis de 250.000 cables e mensaxes do Departamento de Estado, a través das representacións diplomáticas estadounidenses en todo o mundo, evidenciando unha “espionaxe oculta” a nivel global, intimamente ligada ás funcións diplomáticas de Washington.

Nos casos de Iraq e Afganistán, nos que Wikileaks desclasificou case 500.000 documentos entre xuño e outubro de 2010, reveláronse as violacións de dereitos humanos por parte de EUA e dos seus aliados nas posguerras de ambos países. Se ben estas revelacións abarcaron practicamente o período de goberno de George W. Bush, principalmente entre 2004 e 2009, estas filtracións alertan sobre as ramificacións dunha especie de “Estado de Seguridade oculto” que, inevitablemente, tamén salpica ao actual presidente Barack Obama, co consecuente descrédito internacional de Washington.

Non obstante, o impacto máis notorio estivo relacionado coas últimas revelacións sobre a “diplomacia global” de Washington, a través da maior desclasificación de documentos oficiais da historia. Isto deu pe á activación da persecución xudicial contra Assange, de notorio carácter político, así como ás presións en Washington a prol dun férreo con-

trol sobre as fontes informativas e, incluso, de Internet.

Estes cables desclasificados refírense tamén á actuación de gobernos como España, Francia, Colombia, Brasil ou Gran Bretaña, instados por Washington a adoptar posicións favorables aos seus intereses a través da activación dunha serie de presións de alto nivel.

Alén dos pormenores sobre as intimidades de líderes como Vladimir Putin, Silvio Berlusconi, Nicolás Sarkozy, Muammar Gaddafi, Hugo Chávez ou Cristina Fernández de Kirchner, estas revelacións confirman os temores de Washington ante a progresiva perda da hexemonía global, con especial atención ante o ascenso asiático e, particularmente, de China.

Con Assange no punto de mira da xustiza, crecen tamén as expectativas sobre cal será o futuro de Wikileaks eventualmente sen o seu principal impulsor. Antes de pasar a mans da xustiza, Assange adiantou unha próxima revelación de documentos que involucran a unha multinacional financeira estadounidense como responsable da actual crise económica global. Afirmándose como un auténtico “dor de cabeza” para Washington, é indubidable que Wikileaks contribuíu a acurrallar o centro do poder estadounidense, ao tempo que colocou sobre a mesa a influencia da información como elemento clave de poder.

1.5

Un “novo republicanismo” para Obama

A contundente vitoria do Partido Republicano nas eleccións lexislativas estadou-

denses de novembro de 2010, alcanzando a maioría na Cámara de Representantes, debuxa un novo mapa político de cara á segunda metade do mandato presidencial de Barack Obama, quen recibe así un duro correctivo político e electoral sobre a súa xestión.

Deste modo, a nova configuración de forzas no Congreso estadounidense da conta da hexemonía republicana, co 239 escanos sobre 185 do Partido Demócrata, unha realidade que influirá no mapa político estadounidense a medio prazo, en particular de cara ás eleccións presidenciais de novembro de 2012. Como mal menor, os demócratas renovaron a súa maioría no Senado por unha escasa marxe de 52 senadores fronte a 46 dos republicanos.

A explicación do rexurdir político deste “novo republicanismo”, aparentemente afastado do legado do ex presidente George W. Bush, centrouse nos estragos da crise económica en EUA. Aínda que a economía logrou superar lixeiramente a etapa de recesión, o desemprego estímase nun 10% da poboación economicamente activa. Diversos sectores, principalmente vinculados á dereita relixiosa e os republicanos, criticaron o elevado gasto público de Obama, así como algúns dos seus proxectos sociais clave como a ampliación da gratuidade do sistema de saúde pública nun país cunha forte cultura de privatización.

Neste “novo republicanismo”, imponse a súbita preponderancia adquirida por movementos ultraconservadores dentro do Partido Republicano, como o polémico Tea Party, un aspecto que evidenciaría unha nova orientación política dentro da dereita estadounidense, cun maior énfase na redución do papel do Estado e o reforzamento dos valores de carácter relixioso baixo unha confusa perspectiva

de “patriotismo constitucional”. Esta orientación ultraconservadora pode acadar un peso político sumamente importante de cara aos comicios presidenciais de 2012, e eventualmente podería alentar o ascenso de novos liderados como os senadores John De Mint e Sarah Palin.

Paralelamente, compre significar que estas eleccións lexislativas anunciaron unha nova configuración sociolóxica e política en EUA, especialmente ante o triunfo electoral de gobernadores provenientes de minorías. Un caso relevante foi a elección, como gobernador en Florida, do cubano-estadounidense Marco Rubio, unha figura ascendente dentro deste “novo republicanismo”.

Co rexurdir republicano e a persistencia da crise económica, a imaxe pública de Obama vese seriamente golpeada. Entrando en 2011 na recta final do seu mandato, Obama afrontará un momento político sumamente complexo, que requirirá un constante consenso cos republicanos de cara á aprobación ou reversión de proxectos lexislativos claves como a reforma sanitaria. A finais de 2010, Obama veuse na obriga de acordar cos republicanos a extensión por dous anos máis dos recortes impositivos aprobados polo seu antecesor Bush, un aspecto que provocou duras críticas por parte dos sectores situados máis á esquerda dentro do Partido Demócrata.

Compre tamén considerar cal será o peso político real dos movementos ultraconservadores como o Tea Party, que poden fomentar un clima de crispación contra Obama a medio prazo. Deste modo, Washington entra nunha complicada fase de “cohabitación política” entre unha Presidencia demócrata e un Congreso dominado pola oposición republicana.

2.

Perspectivas 2011

2.1

O Brasil de Dilma Rouseff

Unha das maiores expectativas dentro da emerxencia de novos actores globais está relacionada coa evolución de Brasil. O período presidencial de Lula da Silva (2003-2011), que rematou o seu mandato con impresionantes índices (case un 90%) de aceptación popular, propiciou para Brasil o ingreso nunha nova fase de modernización, que será certificada coa xestión da súa sucesora Dilma Rouseff como a primeira muller na presidencia en Brasilia.

Consolidada a transición democrática iniciada en 1985 e asentada a hexemonía política do Partido dos Traballadores (PT), o legado de Lula planeará constantemente sobre a actuación e evolución do goberno de Dilma nun país moito máis complexo e heteroxéneo. Este escenario derívase da necesidade de consolidar o crecemento e garantir a confianza ante as perspectivas de elevados investimentos estranxeiros (estímanse en US\$ 30.000 millóns para os próximos anos); superar as desigualdades sociais mantendo os programas sociais (Fame Cero, Bolsa Familia), consolidando o fortalecemento dunha nova clase media saída da pobreza; e fortalecer a proxección exterior dun país cada vez máis emerxente no escenario internacional que, nos próximos anos, terá a

responsabilidade de organizar o Mundial de Fútbol 2014 e os Xogos Olímpicos de 2016.

O estilo carismático de Lula dará paso a unha presidencia basicamente máis tecnócrata, con menos perfil protagónico. Deste modo, Dilma deberá significar o seu propio peso e a súa axenda política dentro do PT e do escenario político brasileiro, sen menosprezar a posibilidade de que Lula asuma un novo rol como “poder na sombra”, incluso dende un novo cargo a nivel internacional.

Neste marco, o Brasil de Dilma acelerará o proxecto de desenvolvemento baseado na súa importante potencialidade enerxética, a través das concas hidrográficas do Río Amazonas e dos recen descubertos xacementos petrolíferos na plataforma atlántica (con reservas estimadas en 35 mil millóns de barrís), que garantirán o abastecemento para un país de case 200 millóns de habitantes. Está así en xogo a capacidade de Brasil de converterse en potencia enerxética e, incluso, nuclear con fins pacíficos.

Non obstante, Dilma deberá equilibrar diversos contrapesos dentro do PT, a tenor da erosión política manifestada a través de disidencias e rupturas fraguadas en liderados como os de Marina Silva e os movementos sociais, que demandarán unha axenda máis á esquerda e de perfil ecoloxista. Moderar estas demandas e rivalidades será un aspecto a ter en conta e que pode complicar a xestión governamental de Dilma e do PT, especialmente ante temas sensibles como a conservación do ambiente e a “militarización” do problema amazónico.

En materia rexional e internacional, Dilma consolidará a Brasil como epicentro de poder na área sudamericana e o liderado do proceso de integración (UNASUR, MER-

COSUR), mentres moderará as relacións hemisféricas con EUA e a eventual aparición de focos conflictivos (Colombia, Venezuela, Haití). Compre observar o peso hemisférico que terá un Brasil militarmente fortalecido nunha rexión sudamericana que ven incrementando o seu gasto militar.

No global, Dilma probablemente secundará o empeño por significarse internacionalmente, continuando a senda marcada por Lula, para quen a política exterior constituíu un dos seus eixes clave, se ben cun protagonismo menos persoal. Con diversos retos e escenarios abertos, Brasilia fortalecerá a súa posición nos foros internacionais e na concreción de consensos con actores emerxentes como India, China, Sudáfrica, Turquía e incluso Irán.

O Brasil de Dilma definirá un Estado federal máis complexo e unha sociedade politicamente máis madura, aspectos que incrementan aínda mais os retos, expectativas e incertezas desta potencia emerxente.

2.2

Cuba: a axenda da “actualización”

“Ou rectificamos ou nos afundimos”. Estas palabras do presidente cubano Raúl Castro durante a clausura da sesión parlamentaria anual de finais de 2010 define o novo momento político da illa caribeña, sumida nun urxente proceso de reformas económicas que serán oficialmente institucionalizadas no próximo VI Congreso do Partido Comunista de Cuba (PPC), a celebrarse entre o 16 e 19 de abril de 2011.

Este congreso, o primeiro desde 1997, confirmará o peso político de Raúl den-

tro das estruturas de poder en Cuba e moi probablemente, definirá a Cuba post-Fidel. Non obstante, e dominado polo debate sobre unha reforma que permita afrontar a asfixiante crise económica, este congreso non parece sinalar o horizonte de ningunha inmediata apertura política, salvo o reforzamento do peso dos “raulistas” dentro do PCC, cun menor peso político-organizativo do seu irmán Fidel.

Velaí o carácter histórico deste congreso, por ser o primeiro liderado por Raúl como a máxima autoridade cubana, pero que tamén dará paso a un “novo PCC”, conformado por unha maior participación cidadá, probablemente cun perfil máis tecnócrata, reformista e menos “ideoloxizado”.

O despido, a finais de 2010, de medio millón de empregados públicos, os esforzos de Raúl por “desburocratizar” e imprimir unha maior eficiencia administrativa, a xanela aberta cara o “traballo autónomo” e a pequena propiedade privada, a descentralización do agro cubano e do mercado inmobiliario, ou a posible eliminación da cartilla de racionamento, son algúns dos aspectos que marcarán a axenda deste proceso.

Pero no fondo, o momento político identifica unha nova etapa, marcada pola imperiosidade e a dureza das reformas económicas, a busca de “rectificación de erros”, formalmente sempre dentro do marco do modelo socialista, e os anuncios de “cambio de mentalidade” política para impulsar as reformas.

Ao mesmo tempo, a institucionalización das reformas de Raúl sométense a un novo escenario exterior. O triunfo do Partido Republicano nas eleccións lexislativas de novembro de 2010 en EUA definirá gran

parte da axenda entre Washington e La Habana, toda vez que o lobby empresarial e agrícola estadounidense premerá con maior intensidade en Washington para rematar co embargo e facilitar a súa entrada no apetecible e “reformado” mercado cubano.

O marco das relacións Cuba-EUA estará tamén determinado pola capitalización dunha nova etapa das estratéxicas relacións entre Cuba e Venezuela. Tras anunciar a celebración do ansiado VI Congreso do PCC, Raúl Castro e o seu homólogo venezolano Hugo Chávez ampliaron ata o 2020 o Acordo de Cooperación entre ambos países, suscrito en 2000 e que ten no aspecto enerxético un valor primordial.

Raúl espera posibilitar o autoabastecemento enerxético cubano ampliando as “zonas de desenvolvemento económico” que posúan refinerías, como é o caso da rexión de Cienfuegos. Pero a cooperación entre La Habana e Caracas dependerá moito máis da evolución política en Venezuela, ante a polarización polo avance do socialismo bolivariano de Chávez e a recuperación de espazos políticos por parte da oposición “antichavista”, con claras perspectivas de cara ás eleccións presidenciais venezolanas de 2012.

Cuba tentará saír progresivamente do seu illamento hemisférico a través da cooperación con actores como Venezuela, Brasil, China ou Rusia, en diversos aspectos comerciais, diplomáticos e militares.

En todo caso, o VI Congreso do PCC de abril de 2011 marcará un xiro político clave, onde Raúl institucionalizará as súas reformas impondo unha axenda repleta de novas dinámicas e iniciativas. Ábrese así, eventualmente, a Cuba post-Fidel.

2.3

O centenario chinés

En outubro de 2011, celebrarase o centenario da “Revolución de Xinhai”, que deu paso en 1911 á constitución da República de China trala caída da dinastía manchú Qing. O centenario chinés celebrarase por partida dobre, en Beijing e en Taipei, e tamén conxuntamente, para escenificar o bo nivel de relacionamento entre as dúas Chinas sucesoras do Imperio Qing e que permanecen divididas tralo final da guerra civil en 1949.

Se ben para Beijing, a principal data de referencia histórica é 1949, esta de 1911 ten relevancia por canto o Partido Comunista de China (PCCh) tamén se reclama continuador da xesta heroica que iniciara Sun Yat-sen, con quen chegou a colaborar en diferentes momentos e cuxo retrato acompaña aínda as celebracións oficiais na China Popular.

Na actualidade, e dende que en 2005, os antigos rivais, PCCh e Kuomintang (KMT), iniciaran o que se deu en chamar a “terceira cooperación”, Sun Yat-sen e a súa República emanan como factor de converxencia e entendemento entre as dúas Repúblicas, con capital en Beijing e Taipei. Dende 2008, a dinámica a ambos lados do Estreito de Taiwán caracterízase polo fomento da aproximación a todos os niveis. Despois da normalización das comunicacións e a recuperación do diálogo paraoficial, a sinatura en 2010 do Acordo Marco de Cooperación Económica (ECFA, siglas en inglés) marcou o inicio dunha etapa de integración económica imparable, cuns flocos que serán negociados no lustro que agora se inicia. En 2010, as exportacións de Taiwán a China continental representaron o 42 por cento do seu total. Os acordos en

materia sanitaria, educativa e cultural, uns asinados e outros en trámite, amplifican estas relacións, aumentando os fluxos entre as elites de ambas partes, factores que se complementan co aumento do turismo. Noutro plano, as relacións no ámbito da política e da seguridade e defensa, camiñan a outro ritmo, inevitablemente máis lento, e condicionado pola falta de consenso entre os principais partidos taiwaneses á hora de definir o modelo de relacións con China continental.

Pese a que as celebracións do centenario chinés facilitarán a comunicación entre ambas partes e poden axudar a construír un discurso e ideario común, cabe destacar igualmente o afondamento das tendencias sociais en favor do mantemento do statu quo (arredor do 87 por cento), se ben apoiando igualmente o diálogo institucional bilateral (72 por cento).

O abandono da dinámica de confrontación con China continental, presente no período 2000-2008 (presidencia de Chen Shui-bian, do Partido Democrático Progresista-PDP) e a retórica prochinesa do actual presidente Ma Ying-jeou (KMT), con vistas a tirar proveito do tirón económico continental non soamente para superar a crise senón para facilitar a inserción económica rexional e global, presenta como obstáculo a persistencia das tendencias de fondo que a un e outro lado do Estreito apuntan á conformación de dúas sociedades claramente distintas, con forte apego, na illa, a unha democratización que serve de sustento principal do propio empeño taiwanizador.

Así, a celebración do centenario non será para algúns un evento inocente, senón claramente orientado a facilitar a re-sinización de Taiwán, primando aqueles factores civiliza-

torios e históricos que poden contribuír máis eficazmente a sustentar o proxecto unificador, calquera que sexa a forma definitiva en que se materialice.

O centenario marcará o inicio, pois, dunha época decisiva, condicionada pola redefinición da relación de Taiwán co continente e a pugna entre o abandono da antiga identidade nacional chinesa e os sentimentos de pertenza da poboación taiwanesa. Ese debate condicionará igualmente a axenda política coa mirada posta en 2012, cando se celebrarán novas eleccións presidenciais en Taiwán, que suporán un pulso sumamente disputado entre o KMT e o PDP, escenario que Beijing seguirá moi de preto para lograr un resultado que permita afondar na evolución presente.

2.4

OTAN-Rusia: ¿un novo ciclo?

O Cumio da OTAN celebrado en Lisboa o 19-20 de novembro de 2010 abriu unha nova fase nas relacións transatlánticas con Moscova. Baixo o prisma da ampliación da cooperación rusa coa OTAN en Afganistán, este cumio definiu un novo Concepto Estratéxico para a Alianza Atlántica, no que se inclúe a histórica implicación rusa.

Para significar o clima de cooperación previo a este cumio, o ministro ruso de Asuntos Exteriores, Serguei Lavrov, sinalou que Rusia e a OTAN “*porán fin ao longo período de discrepancia trala guerra fría*”. Esta sensación de distensión ampliouna o presidente ruso Dmitri Medvedev, quen anunciou en Lisboa a apertura dunha “nova etapa” orientada a diminuír as discrepancias e activar unha maior cooperación, en especial no

relativo á carreira de armamentos. Anteriormente, durante o cumio Rusia-EUA en Praga (abril 2010), Medveded e o seu homólogo estadounidense Barack Obama, acordaron ratificar o Tratado START II de desarme nuclear.

Esta cooperación OTAN-Rusia define novos retos que se centran, basicamente, en reestruturar á Alianza Atlántica como mecanismo para repeler ameazas pouco convencionais como a guerra cibernética, o terrorismo, a piratería internacional e os desastres ambientais. Pero a clave segue a estar no peso que terá a OTAN nun mundo en constantes cambios, así como a evolución das presumibles ampliacións de membros da Alianza Atlántica cara o espazo ex soviético (Ucráina, Xeorxia) e do seu polémico escudo antimísiles, tendo en conta a oposición de Moscova ao respecto.

Non obstante, a xeopolítica imporá o seu ritmo. Washington desexa unha retirada militar definitiva de Afganistán en 2014 ou 2015, coa vista colocada en desactivar os reductos talibáns e de Al Qaeda en Asia Central, especialmente na fronteira entre Afganistán e Paquistán. Pola súa banda, Moscova observará con atención as cartas occidentais en Asia Central, en particular ante a presenza militar estadounidense estratexicamente dirixida para conter o paulatino achegamento entre China e Rusia a través da Organización da Cooperación de Xangai. Este aspecto resulta primordial, dado que a asociación estratéxica da OTAN con Rusia ten como obxectivo xeopolítico afastar a Moscova da súa cooperación con Beijing.

O complicado escenario afgano suxire a necesidade de que Washington e a OTAN afiancen a Moscova como “aliado” e socio estratéxico, superando o clima de mutuo dis-

tanciamento imposto trala breve guerra no Cáucaso (agosto de 2008), que conlevou a secesión territorial de Osetia do Sur e Abxasia do territorio xeorxiano. A cambio, Moscova obtería a tácita aprobación occidental de paralizar momentaneamente a ampliación da OTAN e do escudo antimísiles estadounidense cara o espazo ex soviético, aspectos que afondan a fricción e desconfianza nas relacións ruso-occidentais.

A proliferación nuclear e, en especial, as crises con Irán e Corea do Norte, tamén influíron no pacto de cooperación estratéxica entre Rusia e a OTAN. Esta nova ecuación política puido influír na decisión de Pyongyang de atacar militarmente as illas surcoreanas de Yeonpyeong, a finais de novembro de 2010.

O Cumio de Lisboa tamén ofreceu un inédito pacto militar entre Francia e Gran Bretaña, ambos membros da OTAN aínda que París abandonou a súa estrutura militar entre 1966 e 2009, un pacto interpretado nalgúns sectores como a afirmación dun nivel de cooperación á marxe da OTAN. Pero a clave do Cumio de Lisboa segue a estar marcada pola nova ecuación entre a Alianza Atlántica e Moscova, que deberá concretarse de cara a afrontar futuros retos e incertezas xeopolíticas.

2.5

Retrocesos e compromisos en Oriente Próximo

Aparentemente afastado da atención internacional nos últimos tempos, o complexo xadrez xeopolítico de Oriente Próximo volverá a exhibirse con forza en 2011, con especial énfase no pulso que mantén Irán coa Axencia

Internacional de Enerxía Atómica (AIEA) e o denominado “Grupo dos Seis” (EUA, Alemaña, Francia, Gran Bretaña, Rusia e China), co respecto ao seu programa nuclear.

Para finais de xaneiro de 2011 está prevista unha nova rolda de negociacións entre Irán e a AIEA, agora baixo un contexto distinto: a subscrición, a mediados de 2010, dun “pacto nuclear” entre Irán, Turquía e Brasil, permite a Teherán manter unha xanela de presión cara a AIEA, con consecuencias aínda incertas. Paralelamente, a súbita remoción, a mediados de decembro de 2010, do chanceler iraniano Manouchehr Mottaki, considerado por Occidente como o interlocutor iraniano máis fiable, anuncia un probable reforzamento da ala dura por parte do presidente Mahmoud Ahmadíneyad.

Por outra banda, o triunfo do Partido Republicano nas eleccións legislativas estadounidenses de novembro de 2010 albisca un maior endurecemento da posición de Washington con respecto ao programa nuclear iraniano. Un aspecto que corre paralelo á recuperación de posicións de forza por parte do primeiro ministro israelí Benjamín Netanyahu, politicamente premido polas forzas ultranacionalistas que constitúen a clave de mantemento do actual goberno dereitista do Likud en Tel Aviv.

A pesar das presións do presidente estadounidense Barack Obama, Netanyahu logrou afirmar a súa inflexibilidade á hora de retomar as negociacións coa Autoridade Nacional Palestina (ANP) e evitar a construción de maiores asentamentos xudeus nos territorios ocupados. Mentres endurece a súa política cara os palestinos, Netanyahu prosegue cos plans militares de “ataque preventivo” contra Irán, con ou sen o apoio de Washington.

Este escenario está propiciando unha carreira de armamentos en Oriente Próximo que complicaría aínda máis o delicado panorama rexional. Renovando ata 2018 a súa cooperación militar con Washington, Arabia Saudita, Qatar, Bahrein e Kuwait seguirían o exemplo israelí ante o que consideran unha ameaza nuclear por parte de Teherán.

Pola súa banda, Washington espera acelerar a mediados de 2011 a súa retirada definitiva de Iraq. Pero a sensación en Bagdad segue a ser de incerteza e posible baleiro de poder, ante os constantes fracasos das negociacións para formar un goberno de unidade nacional tralos resultados das eleccións legislativas de febreiro de 2010. Washington teme igualmente que Teherán logre sacar proveito da súa retirada militar en Iraq, especialmente ante a crecente influencia iraniana nos partidos políticos da maioritaria comunidade xiíta, nomeadamente a través do seu líder Muqtada al Sadr.

No contexto rexional, importa seguir con atención o Líbano, que pode volver a mergullarse nunha tensa situación de inestabilidade ante o distanciamento do goberno pro-occidental de Saad Hariri co movemento islamita Hizbulah. Mentres Siria prosegue cunha activa diplomacia orientada a diminuír o seu illamento internacional e Exipto dilúese nunha sucesión política post-Mubarak que pode incrementar a tensión política interna, Palestina pode afrontar outro escenario de confrontación contra Israel e, incluso, dentro do seo da ANP entre as milicias de Al Fatah e dos islamitas de Hamas, ante os constantes fracasos nas negociacións que certificarían a constitución dun Estado palestino en setembro de 2011.

3.

Reflexións por áreas xeográficas

3.1

Europa, desbordada pola crise

por *Ramón Lugrís*

Nunha Europa engabuñada na friaxe dun decembro inzado de neves, alagamentos, perturbacións nos transportes, ataques dos chamados mercados internacionais e voces espavorosas de agoireiros, os resumos ou balanzos do estado en que se atopa a Unión Europea están forzosamente tinxidos de cores escuras. Con todo, unha revisión do acontecido en 2010 pode axudar a comprendermos o que está por facer para Europa saír da crise.

Estreábase en 2010 o Tratado de Lisboa, versión diluída dunha Constitución europea que non chegou a ser aprobada, mais que tamén levou moito tempo facer efectivo. A Unión Europea ía contar cun Presidente permanente e cun novo Alto Representante de Política Exterior, substituto de Javier Solana, que tería que crear un corpo diplomático europeo que representara a toda a Unión. Os nomeamentos de Herman Van Rompuy, democristián belga, coma Presidente, e da baronesa británica Catherine Ashton, laborista, coma Alta Representante foron recibidos con moi pouco entusiasmo porque non tiñan unha forte personalidade para se faceren cár-

rego dunhas funcións moi complexas.

Por outra parte, o primeiro país que tiña que compartir, por seis meses, a Presidencia da Unión co presidente permanente era España, mergullada nunha forte crise económica. Con todo, e aínda que non ía ser doada a bicefalia na presidencia da Unión, as cousas poderían ter sido máis ou menos normais de non ter acontecido a crise da economía grega, que trastornou por completo o panorama e a Unión Europea entrou nunha das súas crises existenciais periódicas, aínda que moito máis forte e fonda que en casos anteriores e que atinxe a tódolos países da Eurozona. Trátase, en primeiro lugar, dun ataque contra o euro, quer dicir, que hai que afrontar unha crise encadrada no ámbito económico-financeiro, que non se tiña previsto cando se estableceu a moeda común, e que o desfondamento da economía irlandesa e os ataques contra as economías de Portugal e de España levaron a un punto dramático. Trátase, como teñen sinalado varios comentaristas, dunha auténtica guerra dos mercados contra os Estados. Guerra que coincide cunha tendencia de moitos países europeos favorable á desregulación da economía e á mingua do Estado do benestar, con privatización de moitos dos servizos que ata agora desempeñaba o Estado.

As medidas que a Unión foi aplicando e impondo aos países membros (ditadas por esa forza nebulosa que son os mercados) non tiveron por agora resultados definitivos. A ampliación da Facidade Europea de Estabilidade Financeira (EFSF) e o programa de compra de bonos públicos por parte do Banco Central Europeo (BCE), por exemplo, con seren medidas positivas, non foron dabondo para solucionar o problema. Está por ver se o mecanismo de rescate agora acordado vai dar

resultados. Porque, en definitiva, o problema fundamental non é económico, senón político: dar un paso máis no desenvolvemento da unión monetaria, paso que comporta atribuír máis facultades ao BCE, como sería a de supervisión bancaria supranacional, poñer en común a fiscalidade de tódolos membros da unión monetaria, en suma, avanzar no camiño da federalización de Europa, crear un “goberno” económico europeo.

Se Europa está desbordada pola crise débese fundamentalmente a que a Unión Europea, tal e coma fora concibida polos seus creadores hai máis de medio século, quedou no comezo do camiño que tiña que percorrer. A dificultade para afrontar a crise financeira é unha das moitas expresións do estancamento da idea europeísta. O feito de que en varios países da Unión, o máis relevante é o caso de Alemaña, se veña falando desde hai algún tempo da posibilidade de desfacer a unión monetaria e de voltar ás moedas nacionais, non é só unha reacción contra a crise financeira, por máis que esta teña sido o detonante, senón unha consecuencia de todo un proceso de “re-nacionalización” da política en toda Europa.

A ampliación da Unión a países da Europa oriental deu entrada a elementos que, mesmo sendo historicamente europeos, están moi lonxe de compartiren os ideais dunha Europa unida. É moi probable que, nunha situación de bonanza económica, a integración deses países podería ter seguido un curso normal, afoutado polos recursos económicos da Unión, coma foran os casos de España e Portugal, entre outros. Mais as circunstancias mudaran, as esperanzas dos novos incorporados non se realizaron ao seu gusto, e o seu incipiente europeísmo quedou mergulla-

do nun nacionalismo que en varios casos ten un compoñente populista e mesmo xenófobo.

Entre os socios máis antigos da Unión tamén o nacionalismo – entendido coma nacionalismo dos Estados integrados na comunidade europea – medrou ao tempo que empeoraban as circunstancias económicas. Intensificáronse as políticas nacionais que procuraban vantaxes propias fora da Unión, como a política da señora Merkel de achegamento a Rusia. Hai que ter moi presente aemade a influencia que exerce o Reino Unido, sempre contrario á federalización de Europa e á unión monetaria. É sintomático que, ao se constituír o goberno de coalición entre conservadores e liberal-demócratas, Nick Clegg, xefe destes últimos, que sempre tiña proclamado o seu europeísmo, non mencionou a Unión Europea no seu primeiro discurso e mostrouse moi conforme coa política de “ampliar as relacións da Gran Bretaña con países de todo o mundo”, política de bilateralismo, como estratexia da coalición gobernante.

Saliéntase moitas veces o feito de que a Administración do Presidente Obama de Estados Unidos ten mudado a orientación da política exterior do seu país, afastándose de Europa e centrándose máis nas relacións con China e cos países do Océano Pacífico. É certo, mais non totalmente. Estados Unidos non se afasta de Europa. Estados Unidos mantén e amplía relacións bilaterais con Estados europeos, mais non cunha Unión Europea que non fala como tal Unión no concerto internacional.

Temos, xa que logo, unha Europa desbordada por unha crise moi fonda, que vai desde a intensificación do vello nacionalismo, que o europeísmo debía ter superado e que ten como consecuencia inmediata a ine-

xistencia dunha auténtica Unión Europea con voz propia, ata a indefensión, ou pouco menos, fronte aos mercados financeiros.

Alá polos anos 30 do século pasado, cando os países europeos estaban sacudidos por unha crise igualmente fonda e perigosa, escribía o novelista Eric Ambler nunha das súas novelas de espionaxe máis famosas – *Un cadaleito para Dimitrios* – que os valores do Ben e do Mal tiñan sido substituídos polos de Bo Negocio e Mal Negocio, substitución lóxica na xungla europea. E remataba: “*A lóxica do David de Michelangelo, dos cuartetos de Beethoven e da física de Einstein ten sido substituída pola do Anuario da Bolsa de Valores...*” Non compre agora falar das consecuencias daquela substitución de valores.

3.2

África: a hora da consolidación democrática

por *María Ángela Tous Sansó*

No contexto da política africana, cabe salientar tres focos de atención que condicionaron a atención sobre o continente: o cambio político en Tunisia, provocado por unha revolución popular, que pode ter consecuencias rexionais noutros países como Exipto ou Alxeria; o referendo para a independencia de Sudán do Sur; e a violencia postelectoral en Côte d’Ivoire. A risco de xeralizar demasiado, estes tres acontecementos poderían ser unha mostra da axenda que deberá afrontar o continente nun futuro inmediato.

En primeiro lugar, o Norte de África está vivindo unha oportunidade única para democratizarse. A mediados de decembro empezaron as protestas populares e espontáneas

en Tunisia. Os manifestantes reivindicaban máis liberdades políticas e cambios económicos e laborais. Tras semanas de violencia, o presidente, Zine El Abidine Ben Alí, fuxiu do país que gobernara durante 23 anos. Os sistemas autoritarios e de partido dominante son comúns no Magreb, e parece que en Tunisia os cidadáns fixéronse oír. No resto da rexión houbo protestas de todo tipo, o que suxire que as demandas tunecinas estanse expandindo cara aos seus veciños. Poida que os incidentes en Exipto, Alxeria, Mauritania ou ata Libia non estean relacionados co sucedido en Tunisia, pero son indicadores a ter en conta.

No resto do continente tamén se suceden feitos que abrollan luz á súa situación democrática, marcada por algúns casos alarmantes de corrupción e inestabilidade política (Somalia, Guinea Ecuatorial, Chad...). O caso de Sudán do Sur é único e esperanzador, xa que todo indica que será o próximo novo Estado de África, mediante a realización dun referendo realizado a principios de 2011. Ademais, a poboación de Kenya aprobou a modificación da súa Constitución o verán pasado, o que supón un gran paso para a consolidación do seu sistema político. Así mesmo, houbo gran cantidade de eleccións en todo o continente, que se gañaron as felicitacións da comunidade internacional ao ser consideradas como óptimas.

Con todo, a pesar do gran número de comicios que se celebraron, é preocupante como algúns derivaron en enfrontamentos entre partidos ou na declaración do “estado de urxencia”. En decembro de 2010 estalaba a violencia en Côte d’Ivoire, pois o entón presidente Laurent Gbagbo non aceptaba a vitoria electoral do seu adversario Alassane

Ouattara, instituíndose ambos como o lexítimo presidente. A comunidade internacional apoiou a Ouattara, pero o enfrontamento continuou. Os dirixentes da rexión tentan mediar para que non se produza un conflito armado, optándose por sancionar a este país.

O resultado final da crise en Côte d'Ivoire pode marcar un precedente. Desgraciadamente, a negativa dun presidente a aceptar os resultados electorais ou as denuncias de fraude dun opositor veñen sendo demasiado habituais. En 2010 viuse en Tanzania e en Guinea, e haberá que ver como transcorren os próximos comicios en Cimbabue, Nixeria, Uganda e Kenya, entre outros.

Por todo iso, pode considerarse que África vive momentos de cambios políticos que melloran a situación democrática dos seus Estados, pero nalgúns casos aínda preocupan, e moito. Ante estes datos, é necesario que a consolidación democrática considérese non só pola celebración de eleccións e a existencia de partidos políticos, senón polo funcionamento correcto e lexítimo dunhas institucións democráticas, ante as cales os cidadáns poidan sentirse representados. As leccións deberían servir tamén para a democratización dos denominados “Estados errados” ou “fracasados”, como son os casos da República Democrática do Congo e Somalia.

3.3

América Latina nun novo decenio

por *Roberto Mansilla*

A década 2000-2010 trazou un novo momento para América Latina. A elección popular de gobernos de esquerda en Venezuela, Brasil, Uruguai, Bolivia, Nicaragua, Ecuador,

Paraguai, O Salvador, etcétera., sinalou unha variable política inédita na rexión, un proceso enmarcado igualmente na conmemoración dos Bicentenarios das Independencias latinoamericanas, unha perspectiva histórica que continuará no próximo decenio.

Con cambios políticos progresistas que confirman a vocación democrática hemisférica, América Latina afianzou un proceso de integración plenamente autóctono baixo novas estruturas (UNASUR, ALBA) convivindo con marcos de integración xa establecidos (MERCOSUR, Comunidade Común Centroamericana, Comunidade Andina de Nacións).

Paralelamente, a inserción latinoamericana na nova xeopolítica global, principalmente baixo o impulso de Brasil e Venezuela, determinou un maior peso da rexión nos foros internacionais e na concreción de novas estruturas emerxentes (BRIC, IBSA, etcétera). Deste modo, a imaxe do “patio traseiro” de Washington comezou a esvaecerse a cambio da afirmación dun Sur en ascenso.

Qué perspectivas se abren para América Latina no decenio 2011-2020? Un escenario clave será a ampliación dos marcos de participación política, que permitirán calibrar a calidade democrática rexional dentro dun escenario non exento de riscos derivados da confrontación socioeconómica e das tentacións personalistas e populistas.

A loita contra a pobreza e as desigualdades sociais permitirán igualmente calibrar a fortaleza do Estado, da sociedade civil, dos actores políticos e económicos e da eficacia dos procesos de integración hemisféricos, ante a necesidade de superar problemas máis agudos como a criminalidade, o narcotráfico ou a alza do armamentismo rexional. Deberá igualmente medirse o impacto real da crise

económica global no contexto latinoamericano para os próximos anos, principalmente nunha rexión caracterizada pola produción de materia primas.

No ano 2011 continuará un ciclo electoral aberto dous anos antes que, momentaneamente, rematará en 2012 en países clave como México e Venezuela. Tralo decenio cara a esquerda, a rexión pode experimentar nos próximos anos un retorno ou incluso consolidación do centrodereita, tal e como aconteceu recentemente en Panamá, Chile e Colombia.

Perú, un dos países latinoamericanos con maior crecemento económico, acudirá ás urnas en abril para elixir unha presidencia pola que competirán, entre outros, liderados do pasado: o ex presidente Alejandro Toledo, Keiki Fujimori, filla do ex mandatario agora en prisión; e a variable populista personificada no ex coronel Ollanta Humala. Pola súa banda, Guatemala elixirá presidencia en setembro, coa posibilidade dunha nova dupla matrimonial no poder a través de Sandra Torres, esposa do actual mandatario Álvaro Colom. Un caso similar ao da Arxentina post-Kirchner, que celebrará comicios presidenciais en outubro como proba de alto nivel para a actual mandataria Cristina Fernández de Kirchner. Finalmente, Nicaragua acudirá en novembro a unhas eleccións claves derivadas da polarización existente ante a perspectiva dun novo período para o sandinismo de Daniel Ortega.

Pero o liderado indiscutible a nivel latinoamericano seguirá estando en mans de Brasil, cunha emerxencia que determinará un novo equilibrio a nivel global e, no caso hemisférico, con respecto a EUA. Outros escenarios a tomar en conta serán a evolución da Cuba post-Fidel, a polarizada revolución

de Chávez en Venezuela ou na Bolivia indixenista “refundada” por Evo Morales. Así, o próximo decenio latinoamericano deberá encarar o seu reto máis ineludible: a estabilización dunha democracia con equidade e inclusión social.

3.4

Asia, á marxe da crise?

por *Jaume Giné*

Asia é un continente con avultados contrastes económicos e sociais. Alí atópanse os grandes países motores do crecemento da economía global en 2010, destacando China e India. Tamén Corea do Sur apostou por abrirse máis ao exterior. E Xapón observa con cautela a China, xa convertida na segunda economía mundial. Outros países como Indonesia xorden como novas potencias emerxentes. Con todo, dáse o paradoxo de que en Asia do Sur concéntranse a maior cantidade de pobres do mundo, incluso nunha contía superior á África subsahariana. Modernización e pobreza son as dúas caras dunha moeda moi corrente en Asia.

Asia é o centro dos cambios económicos e xeoestratéxicos mundiais, simbolizados en China e India. O poder mundial é multipolar, disperso e difuso. EUA está demasiado endebado para impor como antes as súas prioridades e intereses políticos e financeiros. Tamén a UE séntese angustiada pola débeda dalgúns Estados membros. Os presidentes Barack Obama e Nicolás Sarkozy, así como o primeiro ministro británico David Cameron viaxaron a India para lograr asinar uns contratos susceptibles de crear emprego, respectivamente, en EUA, Francia e Gran Bre-

taña. Reflicten os cambios producidos desde o colapso da consultora Lehman Brothers en 2008. A crise financeira en Occidente acelerou a urxencia asiática, aínda que os analistas lembran que máis ben cabería falar de “reemerxencia” de dous colosos que a finais do século XVIII representaban o 50% do PIB mundial. O século XXI volverá ser maiormente asiático.

Con todo, EUA seguirá sendo, a curto e medio prazo, a gran superpotencia, desde a óptica política e militar ata a económica e tecnolóxica. E, a pesar dos seus desequilibrios financeiros e comerciais, seguirá tamén a ser a primeira economía mundial. Pero o ascenso pacífico de China parece que xa non é tan brando. China crece e crécese ante o mundo, o cal preocupa aos seus veciños asiáticos que ven con bos ollos que EUA volva situar a Asia como a súa prioridade exterior. Asia medra economicamente pero tamén se incrementan as desigualdades territoriais e sociais. Á beira dunha “*Shining Asia*” hai outra “*Suffering Asia*”. E a fenda entre a Asia que medra e a que sofre continúa indo a máis.

A puxanza de Asia-Pacífico quedou patente no cumio do G-20 de Seúl celebrado o 11 e 12 de novembro de 2010, onde estaban representados nove países da rexión. China séntese forte para seguir utilizando a moeda propia, o yuan, para que as súas exportacións sexan máis competitivas en todos os mercados. Ningunha sorpresa. O primeiro ministro chinés Wen Jiabao xa rexeitara, no Cumio UE-China do 6 de outubro de 2010, unha rápida apreciación do yuan. Cabe destacar un logro do G-20: a reforma das cotas e dereitos de voto do FMI. China e India gañan peso. Beijing é o terceiro contribuidor financeiro ao FMI.

India é o outro motor mundial. É cortexada por todos. Nova Delhi foi visitada polos líderes de Gran Bretaña, EUA, Francia, China e Rusia. Aínda que entre India e China persisten barreiras políticas, tan altas como o Himalaya, acelerouse a interdependencia económica. China xa é o primeiro socio comercial de India, desprazando a Occidente. O comercio bilateral medra espectacularmente: desde US\$ 2.900 millóns en 2000 ata US\$ 60.000 millóns en 2010. Este comercio achegárase aos US\$ 100.000 millóns en 2015. Pero Nova Delhi quéixase do alto e crecente déficit comercial, cunha balanza favorable a Beijing: US\$ 19.200 millóns en 2010.

Os empresarios indios temen que o seu mercado sexa inundado por todo tipo de produtos chineses. Séntense inquedaos ante o gran potencial comercial e investidor chinés en toda Asia. O crecemento chinés priorizou o seu sector exportador, mentres o indio foi o seu consumo interno. Agora, India está cambiando a súa estratexia para abrirse ao exterior. En 2009, Nova Delhi asinou acordos de libre comercio coa Asociación de Nacións do Sueste Asiático (ASEAN, siglas en inglés) e con Corea do Sur e está negociando outro coa UE. Impulsa, competindo con China, unha decisiva diplomacia económica que tamén se amplía ao eido enerxético, pois importa o 76 por cento dos recursos enerxéticos que consume.

Nos cumios do G-20 de Seúl e do Foro de Cooperación Asia Pacífico (APEC, siglas en inglés) celebrado en Yokohama (Xapón) insistíuse, unha vez máis, en rexeitar toda forma de proteccionismo como vía para reducir os actuais desequilibrios financeiros e comerciais. Pero o fracaso da Rolda Doha da Organización Mundial do Comercio (OMC)

evidencia qué tan difícil resulta alcanzar acordos multilaterais nunha conxuntura repleta de tensións económicas e xeoestratéxicas.

Asia-Pacífico afronta a crise potenciando o seu comercio exterior por dúas vías que se complementan: a) a proliferación dunha numerosa e complexa rede de acordos bilaterais de libre comercio ou Free Trade Agreement (FTA). Destaca o China-Taiwán (EFTA, siglas en inglés) asinado o 29 de xuño de 2010, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2011; e b) a constitución de áreas de libre comercio, que engloban xeograficamente a varios países, como o caso do Acordo de Libre Comercio entre China e a ASEAN (ACFTA, siglas en inglés), en vigor desde o 1 de xaneiro de 2010.

O ACFTA constitúe un área comercial entre China, Brunei, Indonesia, Malaisia, Filipinas, Singapur e Tailandia. Cando en 2015 incorpórense Camboxa, Laos e Myanmar, abarcará un mercado de 1.900 millóns de persoas. Incrementará aínda máis a interdependencia económica ente China e os restantes 10 países da ASEAN. Iso provoca o interese surcoreano e xaponés por sumarse a medio prazo a esta grandiosa área comercial. Tamén explica que Taiwán, temeroso de quedarse ademais de illado diplomaticamente tamén afogado comercialmente, decidise asinar outro acordo de libre comercio con Beijing.

Pola súa banda, Corea do Sur, a cuarta economía asiática, asinou o 6 de outubro de 2010 un Acordo de Libre Comercio coa UE que podería estrar en vigor o 1 de xullo de 2011. É o máis ambicioso acordo comercial da UE cun país asiático. Bruxelas negocia acordos similares con Malaisia, India, Singapur e Vietnam. Doutra banda, Barack Obama e o presidente surcoreano Le Myung-bak confían ratificar en 2011 o Acordo de Libre Comer-

cio con EEUU (KORUS FTA, siglas en inglés) asinado en 2007. En 2010, Seúl asinou outro Acordo de Libre Comercio con Perú.

A UE aburada pola crise debe apostar por impulsar o comercio con Asia, especialmente con India, Xapón e Corea do Sur. Comparten valores democráticos e intereses comúns, xa que todos eles desexan non depender de China. En 2010, a economía india creceu case un 9%.

Pero hai varias Asias, con grandes disparidades económicas e sociais. Existen algúns dos países máis ricos do mundo, como Xapón, Singapur e Brunei, pero tamén algúns dos máis pobres como Laos, Camboxa e Myanmar. E poden existir dentro dun Estado, como en China, grandes desigualdades territoriais e sociais entre a costa oriental e o centro e oeste chinés.

As fragrantas desigualdades no mapa asiático quedan reflectidas no Índice de Desenvolvemento Humano 2010 do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). Entre 169 Estados, cabe distinguir aqueles ben situados como Xapón (11º), Corea do Sur (12º) e Singapur (27º), e os que ocupan lugares moi atrasados como China (89º), Tailandia (92º), Indonesia (108º), Vietnam (113º) e India (119º). É evidente que os beneficios do crecemento económico repárense de forma non equitativa.

Pola súa banda, en Asia do Sur e, especialmente, no continente indio, atopamos a maior concentración de pobres da humanidade. Aínda que o cociente de pobreza redúcese, non ocorre o mesmo coa cifra total de pobres. En oito estados federados de India hai máis pobres (410 millóns) ca nos 26 estados máis subdesenvolvidos do continente africano. O coeficiente Gini indica que un

10% dos indios ricos posúen o 31% da riqueza do país mentres o 10% mais desfavorecido só gozan do 3,6%. Pero tamén en China medran as desigualdades: a renda per cápita do 10% dos chineses máis ricos equivale a unha riqueza 65 veces superior ao 10% de chineses máis desfavorecidos.

A razón principal da pobreza no Sur de Asia é, a súa vez, estrutural e política. O 72% da poboación na India; o 85% en Nepal; o 19% en Sri Lanka; o 76% en Bangladesh; e o 66% en Paquistán, aínda vive nas zonas rurais, afastadas dos medios urbanos que favorecen, non sen grandes contradicións, o proceso de modernización destes países. Pero faltan políticas públicas para afrontar con decisión e eficacia os problemas sociais.

3.5

Rusia, vinte anos despois da disolución da URSS

por *Katarzyna Araczevska*

En decembro de 2011, Rusia celebrará o vixésimo aniversario da disolución da Unión Soviética, o que constitúe un bo pretexto para a avaliación de dúas décadas da existencia da Federación Rusa na contorna internacional.

A Rusia moderna, un Estado relativamente novo pero cargado da herdanza da ex URSS, na súa curta presenza na escena mundial tivo que afrontar graves problemas internos. É dicir, as tendencias secesionistas das antigas repúblicas soviéticas, o mal funcionamento das súas estruturas estatais, a dura transformación ao libre mercado ou a recesión económica de 1998 e 2007 son só uns exemplos da difícil situación do país ao longo das últimas dúas décadas.

Estes vinte anos da Federación Rusa pódense dividir en dous períodos: os anos 1991-1999, marcados pola presidencia de Borís Ieltsin; e a partir do ano 2000, a época Vladimir Putin, primeiro como presidente e actualmente como primeiro ministro de Rusia. Ambos líderes convertéronse nos símbolos dos cambios políticos, pero o seu estilo de gobernar e xestionar os problemas anteriormente mencionados foi moi diferente.

Ieltsin gañouse a confianza do Occidente pero, por mor da aplicación precipitada das reformas económicas que afectaron de xeito negativo ás condicións de vida dos cidadáns, perdeu apoio no campo interno. Pola súa banda, Putin mostrouse como un político máis eficaz ao afrontar as cuestións internas, particularmente as económicas, pero coa súa moi estrita e, ás veces, agresiva, forma de gobernar, fóra do seu país forxouse unha imaxe dun líder intransixente dun Estado inflexible.

Trala disolución da URSS, moitos políticos e politólogos prevían a próxima fragmentación do territorio ruso, tendo en conta a diversidade nacional e étnica da poboación deste país e o respecto limitado dos dereitos das súas minorías. De feito, co fin da etapa comunista, algunhas das antigas repúblicas soviéticas gañaron a independencia. Nos anos 1990, outras nacións dentro do Estado ruso aspiraban a este mesmo fin, pero Moscova logrou manter a integridade do país. A pesar de todo, seguen sen resolver definitivamente diversas tensións internas.

O punto máis ardente ao longo dos últimos anos foi a rexión do Cáucaso, en particular Chechenia, onde a partir de 1994, durante a primeira guerra chechena, non se chegou a estabilizar a tensa situación entre os indepen-

dentistas e o poder central. O conflito checheno, coñecido polos moi violentos crimes de guerra cometidos por ambos bandos, non foi a única controversia en devandita zona, na cal as autoridades rusas, reticentes ao diálogo cos seus oponentes, acudiron ao uso da forza.

Con todo, o que chamou a atención da opinión pública sobre a falta de solución deste conflito foron as súas graves consecuencias. Os extremistas chechenos foron os responsables polo asalto ao teatro de Moscova en 2002 e a masacre da escola Beslán (Osetia do Norte) en 2004, que deixaron atrás centos de vítimas e conmocionaron a sociedade rusa, creando un pretexto para Putin xustificar a radicalización da política cara ao Cáucaso.

Noutro eido, os últimos vinte anos non foron tempo suficiente para Rusia, sendo formalmente un suxeito democrático, para alcanzar os estándares das democracias occidentais. É dicir, a administración pública do país é corrupta e pouco eficaz. O poder lexislativo serve basicamente á realización dos fins políticos dos gobernantes, reservándolles cada vez poderes máis amplos e limitando a influencia da administración rexional.

Igualmente, resulta cuestionable a independencia do poder xudicial, en especial co asunto de Mijaíl Jodorkovski, o magnate petrolero coñecido pola súa crítica á política de Putin, que foi condenado a oito e, posteriormente, 14 anos de cárcere polos seus presuntos delitos económicos. Por tanto, non é unha esaxeración dicir que en canto á protección dos dereitos humanos e as liberdades públicas, particularmente a liberdade de información, o sistema político ruso está fallando.

No contexto ruso, resulta difícil advertir medios de información independentes,

xa que o control de Kremlin sobre estes é innegable. Con todo, destaca a actividade dos xornalistas independentes e os activistas de dereitos humanos, que por intentar chamar a atención da opinión pública respecto dos abusos do poder por parte dos gobernantes a miúdo poñen en perigo a súa carreira, a súa liberdade e ata a súa vida. Así ocorreu no caso de Anna Politkóvskaya, unha xornalista recoñecida por ser unha ardente opositora de Putin, misteriosamente asasinada preto do seu apartamento en 2006.

Respecto das relacións internacionais ao longo das últimas dúas décadas, estas pódense considerar un éxito para as autoridades rusas. Centrándose no mantemento da posición dominante dentro do espazo post-soviético coa intención de reconstruír a imaxe do Estado como unha superpotencia mundial, Moscova botou man de económicos e políticos. Coa posición monopolista no mercado enerxético, Rusia logrou exercer de patrón de moitas das súas ex repúblicas, xogando coa promesa de axuda económica.

Ao mesmo tempo, o Kremlin tentou establecer relacións amigables, ou polo menos correctas, coa Unión Europea, EUA e China. O gran argumento ao seu favor para manter estas relacións e, particularmente coa UE, foi o mesmo: o control sobre a maior parte do gas europeo e o potente mercado interno, creando moitas perspectivas comerciais.

En consecuencia, Moscova goza dun tipo de “tratamento especial”, que lle permite actuar dun modo que non se aceptaría noutras circunstancias. Sirva de exemplo a interrupción inesperada do subministro de gas natural á UE por unha controversia con Ucraína, un país de tránsito de gasodutos a Europa, tal e como ocorreu en 2006 e 2009.

As autoridades da Rusia moderna, herdeiras das tradicións soviéticas, inclínanse visiblemente cara o autoritarismo e as solucións forzadas das controversias existentes. O poder está centralizado, pechado ás ideas reformistas, moi apegado aos fins políticos establecidos e pouco disposto ao compromiso.

A posibilidade dunha metamorfose política cara á plena democratización nos próximos anos non é moi visible, aínda que os cambios económicos e a mellora do nivel de vida da sociedade xa se poden apreciar. A pesar de que a Rusia moderna subliña a súa transformación, moitos dos trazos do antigo Imperio soviético non desapareceron e a razón de tal situación é moi simple: para un cambio profundo da Federación Rusa é imprescindible un cambio total de pensamento nas elites políticas rusas, hoxe en día fortemente enraizadas no pasado.

4.

Reflexións transversais

4.1

Wikileaks: poderá sobrevivir a diplomacia?

por *Alfredo Toro Hardy*

O feito de que un membro das Forzas Armadas de Estados Unidos con tan baixo rango como Bradley Manning, tivese acceso a máis de 250.000 documentos sensibles do Departamento de Estado, era unha invitación aberta a que algo como o que ocorreu, ocorrese. Foi, como en tantos outros casos, produto dos excesos resultantes do 11 de Setembro de 2001 que, neste en particular, permitiu que 900.000 funcionarios puidesen acceder a segredos gobernamentais. Mal pode culpar ao ladrón quen deixa as súas xoias ao alcance deste. Sobre todo cando a tecnoloxía existente brindaba a calquera a posibilidade de copiar esa información.

Unha vez sentado o precedente non hai marcha atrás. Como ben dicía un experto citado por *The Economist* na súa edición do 9 de decembro de 2010: “*O Departamento de Estado acaba de aprender o que as industrias do cine e da música sabían xa desde hai tempo: que os arquivos dixitais son fáciles de copiar e distribuír*”. No mundo enteiro non faltan críticos ou obxectores de conciencia ás políticas de calquera goberno, dispostos a

seguir o exemplo de Manning. Aínda que iso transcende, desde logo, o campo da diplomacia, son poucos os ámbitos en que a presenza do segredo asume tanta significación.

A relación entre segredo e diplomacia non resultou lineal. Mentres o realismo úneos, o idealismo sepáraos. Desde os pais fundadores de Estados Unidos, con particular referencia a Washington, Franklin e Madison, ata o Presidente Woodrow Wilson, existiu unha corrente idealista na política exterior norteamericana que identificaba o segredo coa opacidade malsán propia da diplomacia europea. De aí a importancia moral que se lle asignaba á transparencia.

A pesar de Wilson, a política exterior estadounidense do século XX non tivo ningún problema con aparellar diplomacia con segredo. Ata o máis idealista dos seus sucesores, Franklin Delano Roosevelt, soubo valorar na súa cabal dimensión a importancia do segredo en todas as súas negociacións internacionais. Incluindo alí, por certo, as que mantivo na conferencia de Ialta (1945) co líder soviético Iosif Stalin de costas ao primeiro ministro británico Winston Churchill. Por máis propulsor que fose da Organización de Nacións Unidas, sabía ben onde estaba parado.

De feito o “Establishment”, esa agrupación de especialistas en política exterior forxada durante o goberno de Roosevelt, fixo da discreción a pedra angular do seu credo. Este grupo, que habería de dirixir as relacións internacionais de Estados Unidos por varias décadas e baixo presidencias de ambos signos, contemplaba a política exterior como un área reservada ao xuízo e ao manexo dunha elite esclarecida, allea pola súa propia natureza ao cidadán común. O trauma de

Vietnam habería de pór fin, con todo, á preeminencia do “Establishment” botando por terra calquera noción de reserva asociada á política exterior.

O ocaso desta agrupación veu acompañado do emerxer dunha cacofonía de voces que, desde as máis diversas direccións, comezaron a opinar sobre a política exterior do seu país, sen outorgarlle a esta ningún tipo de deferencia institucional. Xunto ao “resgardo” da política exterior como espazo propio duns poucos, o “Establishment” cría firmemente que esta debía identificarse co centro do espectro político, sempre protexida dos extremos partidistas e ideolóxicos. Coa súa caída en desgraza non só fixeron a súa aparición multitude de “think-tanks”, abocados de xeito permanente á análise e seguimento das relacións internacionais, senón que estes abarcaron un amplo abano de posturas ideolóxicas e conceptuais.

O ocaso do “Establishment” representou a saída do claustro pechado para entrarse no debate aberto de ideas e posicións. A pesar do saudable deste proceso de apertura, o mesmo veu acompañado de custos evidentes, pois do consenso pasouse á confrontación, do centrismo aos extremos, da moderación aos excesos e da racionalidade á emotividade.

I.M. Destler, Leslie Gelb e Anthony Lake definían o ocorrido nos seguintes termos: *“Destruíuse o centro en política exterior. Era o centro, precisamente, o que servía de áncoa fronte ás ondadas das paixóns populares, así como tamén de muro fronte ás posicións extremas e aos cambios radicais na orientación da política exterior estadounidense. Coa súa desaparición é difícil evitar que esta política tórnese errática. Aos presidentes ou aos candidatos presidenciais que desexen*

moderar os extremos do debate resultarlles difícil...O resultado foi unha política exterior moito máis rixida e desgarrada polas contradicións” (Our Own Worst Enemy: The Unmaking of American Foreign Policy, New York, Simon and Schuster, 1984, p. 126).

No entanto, a natureza do cambio producido era relativamente menor. No fondo, o ocorrido era unha simple ampliación numérica dos especialistas involucrados en política exterior, na que os “think-tanks” e os integrantes destes proliferaron exponencialmente. Da primacía do Consello de Relacións Exteriores (Council of Foreign Relations), estreitamente ligado ao vello “Establishment”, pasouse ao protagonismo de moitos outros centros similares: Brookings, Carnegie, Center for Strategic and International Studies, American Enterprise, Heritage Foundation, Institute for Foreign Policy Analysis, Hoover Institute, Cato Institute, etc.

Á súa vez, os especialistas en política exterior asociados á prensa non só creceron en número senón en combatividade. Desde os poucos analistas en The Washington Post, The New York Times, Time e Newsweek evolucionouse cara un exército de comentaristas e analistas de tendencias diversas. Iso abarcaría desde os profesionais de CNN, aparecidos nos anos 1980, ata os extremistas da cadea Fox, Washington Times, Weekly Standard ou The National Interest, por citar só uns poucos.

O ocorrido desde que Manning copiou os arquivos secretos do Departamento de Estado e pasounos a Julian Assange e a Wikileaks, para a súa difusión, constitúe un novo paso na mesma dirección de apertura iniciada co mancar do “Establishment”. É un paso comparable ao do astronauta Amstrong na lúa,

en canto se refire á política exterior. Con el, a política exterior deixa de ser patrimonio de especialistas para chegar sen intermediación ao coñecemento e xuízo crítico do cidadán común. Ao eliminarse o segredo faise innecesaria a especulación analítica e déixase en mans do home ou a muller da rúa a interpretación dos feitos reais. Como na Reforma, os sacerdotes deixaron de ser necesarios para traducir a palabra revelada. Se o fenómeno que describiamos en parágrafos anteriores implicou a proliferación da clase sacerdotal, este apunta á absoluta irrelevancia da mesma.

Aínda que a acción Manning-Assange inscríbese dentro da mesma liña de apertura antes referida, tamén responde á tradición idealista que caracterizou aos pais fundadores de Estados Unidos en canto aos males intrínsecos da opacidade en diplomacia. Máis concretamente aínda, dita acción inscríbese de cheo dentro do movemento “Neoidealista” dos nosos días. Un movemento asociado ao cidadán común.

Abandonado á súa propia sorte por parte dun Estado cada vez máis indiferente, o cidadán común non tivo outro recurso que o de organizarse. É o único xeito de responder ás forzas macrocefálicas do poder establecido, que o maltratan por todas partes. Iso propiciou o que unha sociedade “dos David” vaia estruturándose para facer fronte á sociedade “dos Goliat”. A tecnoloxía da información e as posibilidades ilimitadas que esta xera constitúen o equivalente contemporáneo á pedra de David.

O uso de Internet como instrumento para aglutinar vontades, organizar á cidadanía e enfrontar aos factores de poder, atopa dous antecedentes clásicos nos casos de Lori

Wallach e Jodi Williams. A primeira logrou facer converxer a máis de 140 agrupacións e ONGs do mundo enteiro para expresar o seu rexeitamento á globalización en Seattle en 1999. Iso desencadeou un proceso que, nos anos seguintes, habería de mobilizar a centenas de miles de manifestantes en Londres, Washington, Filadelfia, Los Ángeles, Praga, Melbourne, Gotemburgo ou Xénova. Pola súa banda, Williams logrou organizar por vía da Internet a máis de 1.000 organizacións de dereitos humanos e de control de armamentos en cinco continentes. Por esta vía alentou a imposición dunha prohibición internacional sobre o uso de minas terrestres, prevalecendo contra a oposición das cinco maiores potencias mundiais.

Wikileaks é unha nova manifestación desta sociedade dos David, na que a tecnoloxía da información é posta ao servizo da confrontación co poder establecido. Forzando a transparencia, busca dobregar a arrogancia do xigante. Curiosamente, Assange fai gala dun pragmatismo pouco común dentro do movemento “Neoidealista”, na medida en que non teme asociarse con forzas tan poderosas dentro do sistema como son os grandes medios de prensa.

O problema con Assange é que deixou prostrada á diplomacia. Ao levar as relacións internacionais a mans do cidadán común, introduciu rixideces que dificilmente deixan funcionar a un mecanismo que esixe flexibilidade. Como pode lograrse a paz na península coreana ou entre Israel e Palestina cando as negociacións deben desenvolverse ante bancadas repletas de espectadores? Como pode pedirse a Irán que faga concesións en relación ao seu programa atómico, cando cada palabra que digan os seus negociadores será

coñecida polos seus cidadáns? Quen se atreverá a inmolarsse publicamente para resolver un conflito internacional? Que facer en diante para desatascar situacións de alta tensión? Como facer convivir o armamento nuclear coa diplomacia da praza pública?

David foi demasiado lonxe esta vez. Tanta apertura deixou as carnes espidas á mirada de todos.

4.2

O G20, un novo directorio mundial?

por *Roberto Montoya*

G-7, G-8, G-5, G-20, G-77, en mans de cal destes grupos internacionais depositase hoxe día a gobernanza económica mundial? O próximo a crearse será o G-2, China e EUA? E qué papel ten nese ámbito a Organización de Nacións Unidas, a ONU, ou G-192, o único destes clubs conformado realmente por representantes de todos os países do planeta?

O Grupo dos Vinte, o G-20, a pesar de ser creado hai xa once anos, comezou a ter un protagonismo real só a partir do estoupido en 2008 da crise financeira mundial. O G-20 nace, de feito, nun cumio de ministros de Finanzas do G-7 en Colonia (Alemaña) en 1999. Foron eses ministros de EUA, Alemaña, Francia, Reino Unido, Xapón, Canadá e Italia, aos que logo se uniría Rusia, dando lugar á creación do G-8, quen decidiron invitar aos membros do G-5 e a outros países emerxentes máis con economías en alza; a representantes da Unión Europea (UE), do Fondo Monetario Internacional (FMI) e do Banco Mundial (BM). O obxectivo declarado era que o G-20 fora *“un novo mecanismo para o diálogo in-*

formal no marco do sistema institucional de Bretton Woods, para mellorar o diálogo en temas clave de política económica e financeira entre as economías sistemicamente importantes e para promover a cooperación que leve a un crecemento global estable e sustentable que nos beneficie a todos”.

Deste xeito, o G-20 quedou composto polos ministros de Finanzas e gobernadores de Bancos Centrais dos países membros do G-8 -aínda que tanto o G-7 como o G-8 seguen existindo independentemente- máis a UE como bloque rexional, China, Arabia Saudita, Australia, India, Indonesia, República de Corea, Sudáfrica, Turquía, Arxentina, Brasil e México.

A representatividade xeográfica das economías presentes no G-20 e o feito de que a maioría dos once países emerxentes membros sufrisen menos as consecuencias da crise que os países ricos, mantendo importantes índices de crecemento, alimentou nos centros financeiros a expectativa de que, finalmente, chegouse a pór en marcha un organismo capaz de soportar o peso da gobernanza económica mundial, a ser o verdadeiro directorio que tanto se botaba en falla.

A crise financeira mundial puxo en evidencia o fracaso do sistema neoliberal imperante, a inexistencia de control e dirección, as tres décadas longas de desregulamento total, e os países emerxentes intentaron facer sentir por iso a súa forza, tratando de desprazar ao G7, considerado “obsoleto” por varios deles.

Ante o descontrol da situación imperante, os países emerxentes crearon igualmente outros espazos, ao potenciar organismos como o IBSA (India, Sudáfrica e Brasil) e o BRIC (novamente Brasil, con India, China e Rusia). Con todo, o G-7 segue mantendo o

control principal da situación e o G-20 corre o risco de converterse nunha caixa de resonancia dos países máis ricos.

Aínda que a primeira presidencia rotatoria do G-20 -de dous anos-, a de Canadá, fixo esforzos para que non se reproducise no seu seo a división Norte-Sur, as confrontacións entre ambos campos foi evidente. Nos dous cumios do G-20 de 2010, o de Toronto (Canadá) e Seúl (Corea do Sur), algúns países emerxentes tentaron sen éxito evitar que os máis ricos delegasen aínda máis competencias no FMI. A pesar da indubidable responsabilidade do FMI na actual crise financeira mundial, o G-20 encargoulle precisamente ser quen verifique, a través dun exame país por país, se logran axustarse ou non ao plan de reducir os desequilibrios externos. Nun intento por contrarrestar esa tendencia, os países emerxentes lograron que no comunicado final do cumio de Seúl do outono de 2010, quedase explícita a necesidade dunha reforma do FMI para que eses países gañen cota de poder no mesmo, á conta de que a perdan os europeos.

Ante os últimos cumios do G-20, influentes medios no mundo financeiro como *The Financial Times*, axudaron a crear a expectativa de que eses encontros podían supor unha volta ao Keynes, á regulación, ao fin dos xogos especulativos, da irresponsabilidade de bancos e das entidades financeiras. Pero nada diso chegou.

Nunha mostra da súa debilidade, o G-20 só acordou en Seúl, en termos totalmente vagos, a necesidade de aplicar requisitos de supervisión máis estritos para as institucións financeiras, ás que se someterá presuntamente a un maior control para evitar novas crises. Segundo o seu obxectivo declarado, o acordo

alcanzado nese último cumio do G-20, pretende evitar que de novo sexan os gobernos quen acudan ao rescate de grandes bancos ou doutras entidades financeiras.

A pesar diso, a gran banca logrou unha vez máis gañar tempo, dado que haberá que esperar ata metade deste ano, xa baixo a nova presidencia de Francia, para clarificar a qué entidades someteranse eses requisitos e cales serán estes. E tamén para o cumio de Cannes (Francia) de novembro de 2011 quedou aprazada a discusión sobre un tema importante que vén atrasando constantemente: a proposta de aplicar unha taxa ás transaccións financeiras, do mesmo xeito que o proxecto de dotar dunha protección maior aos consumidores.

O cumio das economías máis poderosas do mundo tamén aprazou discutir plans que garantan algo tan vital como a seguridade alimentaria mundial, nuns momentos en que o aumento de prezos dos alimentos provoca estragos en numerosos países, coas lóxicas protestas sociais, cada vez máis violentas, como as últimas en Tunisia e Alxeria. O G-20, que actuou como bombeiro apagando todos os lumes provocados pola crise, deixou clara igualmente a súa incapacidade para reaccionar eficazmente ante catástrofes mundiais, nun ano como 2010, no que 263 millóns de persoas víronse afectadas por desastres naturais.

Os resultados que veñen trasladando os cumios do G-20 parecen non deixar lugar a dúbidas de que o G-7 logroulles imprimir o seu propio selo, convertendo en altofalantes dos seus propios intereses nos cinco continentes aos once membros emerxentes.

O fracaso do G-20 na xestión da crise mundial é especialmente grave polas expec-

tativas creadas sobre el e porque se suma ao fracaso cultivado xa polos organismos presuntamente responsables de actuar ante crises mundiais como a actual, como é o caso da Organización Mundial do Comercio (OMC); o Banco Mundial, o FMI e especialmente a ONU, o G-192, cuxa profunda reforma é hoxe máis necesaria ca nunca.

4.3

O futuro do Estado de Benestar

por *Enrique Sáez Ponte*

O Estado de Benestar é a gran conquista social do último século e medio. Durante este tempo, a acción dos Estados democráticos converteron a solidariedade en virtude colectiva. Mais o crecemento do papel do sector público, como garante de servizos sociais básicos e universais, tivo algunha consecuencia negativa no comportamento dos individuos. Nos Estados máis desenvolvidos, que contan cunha ampla rede de cobertura social, dáse unha menor implicación das persoas en axudar a outras. Pola contra, nos países pobres existe unha maior tendencia a botar unha man a calquera en dificultades. Constátase, por desgraza, que a solidariedade individual tende a ser función inversa da colectiva.

Ese maior individualismo dos cidadáns, que delegan no Estado a solución das necesidades xerais mentres viven pendentes dos seus obxectivos estritamente persoais, é un problema importante da sociedade actual. Os individuos andan ao seu e deixan a defensa das tarefas colectivas a organizacións cada vez máis afastadas das bases populares e máis proclives a convertérense en xestoras de poder, parasitarias do Estado. Esta tendencia

afecta tanto a partidos políticos como a sindicatos. A defensa dos intereses empresariais non precisa tanto dos recursos do Estado, aínda que tampouco lles torce o bico.

Outra dificultade dos sistemas de seguridade social é de tipo organizativo. A xeneralización de prestacións esixe de grandes estruturas, que tenden a amosar os problemas tradicionais do modelo burocrático: excesivo igualitarismo en menoscabo da meritocracia e enquistamento de grupos de interese. A inercia, a endogamia corporativa e os intereses de empregados e fornecedores dificultan a adaptación aos cambios e a capacidade para priorizar obxectivos.

Estas eivas, xeradas polo propio éxito histórico dos sistemas de protección social, eran tolerables en tempos de crecemento económico. A sensación de abundancia, de capacidade de consumir e a creación de novos medios de información e entretemento, encubriron problemas tan básicos como a progresiva separación dos cidadáns da toma de decisións políticas e a necesidade de priorizar e xestionar mellor os enormes recursos dedicados ás políticas de benestar. *Panem et circensis*, a inspirada frase do poeta Juvenal, resumía a mesma receita dos emperadores de Roma para contentaren ao pobo e que non lle dera por remexer na política.

Agora, enfrontámonos a unha crise mundial, a primeira da globalización, que, en certa medida, é tamén un fin de imperio como o que freou en Roma a dispoñibilidade de cereais baratos e, con iso, a capacidade de ter tranquila á xente. A escaseza de recursos e, simultaneamente, o cambio das condicións de competencia fan aflorar os límites de sistemas sociais desenvolvidos en épocas de expansión demográfica e crecemento económico.

Por outra banda, na derradeira década do século XX, diversos procesos de mundialización abriron á competencia internacional a países antes moi pechados, principalmente China e India, que situaron en capacidade de producir para o mercado a 1500 millóns de persoas. Isto ten consecuencias aínda difíciles de valorar. No que atinxe ao Estado de Benestar, unhas son boas e outra non. A mellor é a diminución da pobreza extrema. O crecemento económico está sendo máis xusto e o sur medra máis que o norte. Isto permite crear sistemas de protección social en países que antes non podían mantelos. Pero persisten moitas desigualdades.

Tamén os países ricos, que adoptan diversas formas de Estado de Benestar, amosan un incremento das desigualdades. Situación moito máis complicada de dixerir que nos países en desenvolvemento, porque reverte unha tendencia histórica sen ofrecer nada a cambio.

Porén, non se pode esquecer a realidade do actual contorno mundial. Temos escaseza de recursos pola crise e recibimos a presión dos salarios baixos sobre os traballadores, especialmente sobre os menos produtivos, proveniente das economías emerxentes e da inmigración. Todo iso maniféstase en altas taxas de desemprego. As consecuentes tensións sociais derivan na procura de solucións en base a propostas, como o illamento e a xenofobia, que representan unha grave regresión nos valores das sociedades occidentais. As liberdades e a solidariedade son consubstanciais, os movementos socialistas e as loitas obreiras, que fixaron as bases do que chamamos Estado de Benestar, arrancan dos cambios que provocaron a Ilustración e as revolucións liberais, non son procesos independentes.

A solidariedade sen liberdade é, todo o máis, despotismo ilustrado. Porque os sistemas de seguridade social “outorgados”, como o primeiro deles posto en marcha polo chanceler alemán Bismarck en 1870, non son máis que un pago que se fai a cambio da submisión. E aínda que representen unha mellora material, non poden ser garantidos no tempo, proveñan de Bismarck, de Mussolini, de Franco, de Fidel Castro ou do PC chinés, porque dependen do capricho, máis ou menos magnánimo, do salvador da patria ou do partido único.

Estamos nunha etapa de dificultades económicas unidas a cambios demográficos que obrigan a tomar decisións difíciles, para defender o núcleo dos sistemas de protección social. É preciso debatermos sobre as prestacións que configuran o Estado de Benestar. Ese debate debe chegar a todos os cidadáns. Compre falar seriamente de temas duros: cambio de prioridades, redución de mínimos, posibilidades de copago... A información, a negociación e a participación garanten a sostibilidade. O contrario volvería ser un sistema “outorgado” por unha democracia formal, sometido ás urxencias, moitas veces puramente electorais, do partido que a xestione en cada momento.

Nestes comezos de século, a sociedade global rexistra un aumento dos fundamentalismos que venden falsas seguridades e un paralelo acoso de réximes totalitarios que precisan lexitimárense fronte aos sistemas políticos que respectan os dereitos humanos. O principal argumento dos novos tiranos para reprimiren aos seus cidadáns, ademais do que dite o “libro sagrado” correspondente, é que son eles os verdadeiros protectores dos desfavorecidos.

As sociedades democráticas non poden deixar que falsos profetas se adornen coa bandeira da solidariedade. Están obrigadas a perfeccionaren e garantiren as conquistas básicas do Estado de Benestar, aínda que sexa inevitable adaptalas ás restricións que a crise e a globalización comportan. Para iso é necesario recuperar a implicación da sociedade civil.

A solidariedade colectiva é unha consecuencia da democracia e do respecto aos dereitos humanos. Da súa saúde depende a pervivencia dun modelo social que se basea na liberdade.

4.4

O clima: de Copenhague a Cancún

por *Carlos Vales*

O ano 2010 foi pródigo en fenómenos meteorolóxicos extremos. As temperaturas rexistradas en Rusia bateron records, provocando incrementos na mortandade da poboación e unha vaga de incendios de bosques e cultivos de dimensións xigantescas. En Paquistán as inundacións provocadas pola intensidade inesperada das chuvias monzónicas provocou unha catástrofe de miles de mortos e millóns de desprazados, con perdas económicas enormes. Tormentas de neve dunha intensidade inusitada paralizaron durante días a actividade económica e o tráfico aeroportuario nos EEUU e no centro e oeste de Europa. A finais de ano, as inundacións en Australia acadaron a condición de catástrofe nacional. En México, país anfitrión da Cimeira do Clima de Cancún que correu a finais deste ano, graves episodios de chuvias e furacáns sucederon a un ano previo de secas

como non se lembraban na memoria recente da xente.

Todos estes fenómenos pónennos sobre aviso do que nos espera co proceso de cambio climático en curso, de non tomarse medidas correctoras radicais e urxentes por parte da comunidade internacional. É certo que, en sentido estrito, non se pode afirmar con seguridade plena que todos os fenómenos sinalados sexan imputables ao cambio climático, simplemente porque a ciencia para facer afirmacións desa índole precisa ter seguridade plena da relación de causa a efecto, o que resulta imposible dada a ausencia dunha serie histórica de eventos suficientemente extensa, dada a variabilidade natural do clima. Pero o que sí se pode afirmar sen medo a equivocarse é que a envergadura dos fenómenos comentados é coherente cos supostos que os modelos de cambio climático auguran, que prevén un incremento en cantidade e intensidade dos fenómenos meteorolóxicos extremos. Como comentaba un experto australiano en relación coas inundacións no seu país, é moi probable que en poucos anos afirmemos sen medo a equivocarnos que esta catástrofe foi provocada polo cambio climático. Pero esa complexidade e incerteza da ciencia do clima, unida ás campañas promovidas polos intereses das grandes corporacións petroleiras, entre outras, e ao reto económico que significa mudar o modelo enerxético sobre o que se sustenta o sistema socio-económico hexemónico explica, en palabras de Jeffrey D. Sachs, director do *Earth Institute* da Universidade de Columbia, e asesor do Secretario Xeral das Nacións Unidas, a dificultade de chegar a acordos e compromisos de redución das emisións de gases de efecto estufa.

En calquera caso, os fenómenos antes citados pónenos sobre aviso de cales poden ser as consecuencias do cambio climático sobre a economía mundial, sobre o medio ambiente planetario e sobre a calidade e as condicións de vida de miles de millóns de seres humanos. Xa a finais do ano 2006 o informe coordinado por Nicholas Stern para o goberno británico (www.sternreview.org.uk) avaliaba como moito máis barato o custe de reducir emisións, proceder á adaptación tecnolóxica e asumir a necesaria descarbonización das economías industriais para evitar unha subida media da temperatura mundial por riba de 2°C, que non actuar en absoluto, en porcentaxe de PIB mundial afectado por estes dous escenarios. Os 21.000 mortos por catástrofes climáticas no 2010, e as cuantiosas perdas económicas provocadas polas mesmas, semellan dar a razón a Stern, e amosan o por qué da necesidade de acordos internacionais vinculantes no marco das Nacións Unidas.

A reunión de Copenhague puxo de manifesto a perda de liderado da Unión Europea, as dificultades do presidente Obama para executar unha axenda ambiental condicionada polos lobbies incrustados no Congreso e no Senado estadounidenses, as reticencias dos países emerxentes, nomeadamente China, de asumir compromisos vinculantes de loita contra o cambio climático. Por iso, despois do fracaso estrepitoso da Cimeira de Copenhague, chegar a un acordo en Cancún, aínda que fose de mínimos, presentábase como capital para que o futuro da loita contra o cambio climático non entrase nunha espiral de desesperanza. Así pareceu entendelo o país anfitrión que, por boca da presidenta da conferencia, Patricia Espinosa, afirmou que chegar a un acordo significaría prestar un gran servizo

ao esforzo global contra o cambio climático, a milleiros de persoas e ás xeracións futuras. É este contexto o que anima a facer unha lectura moderadamente positiva da Cimeira de Cancún. En primeiro lugar, porque se conseguiu un acordo case unánime, 193 países dos 194 presentes (so non se sumou Bolivia). Porque se asumen obxectivos de redución de emisións por parte de EEUU e de crecementos máis moderados por parte dos países emerxentes (China, India, Brasil). Tamén son factores positivos os compromisos de transferencia tecnolóxica para reducir emisións, e a creación dun fondo verde para financiar a conservación dos bosques tropicais o que, de cumprirse, non so contribuiría a reducir sensiblemente as emisións (Brasil contribúe máis ao queimamento pola deforestación que pola queima de combustibles fósiles) senón á conservación da biodiversidade. Como elementos negativos, destaca o carácter non vinculante, senón voluntario, do compromiso de redución de emisións; a inexistencia dun mecanismo independente para o control das emisións (cada país fai o seu control, sen observadores internacionais imparciais, a non ser que as emisións sexan conseguidas con fondos internacionais), e o pouco ambicioso das reducións de emisións previstas, moi lonxe das necesarias para que a temperatura media non suba máis alá de 2°C.

A referencia aos 2º centígrados de aumento da temperatura media non é baladí. É a temperatura que as simulacións climáticas sinalan como o limiar traspasado no cal os cambios no sistema climático serían a un tempo catastróficos e impredecibles, ate o punto de poñer en perigo a existencia mesma das sociedades civilizadas modernas tal como hoxe as coñecemos. O grave non é so que os

compromisos adquiridos en Cancún— que ademais, como sinalábamos, non son vinculantes-, non cheguen para evitar chegar ao tope de gases de efecto estufa na atmosfera que posibilite conseguir ese obxectivo, senón que unha fracción significativa dos expertos climáticos opina que o límite é demasiado optimista, porque non ten en conta posibles emisións imprevistas relacionadas coa retroalimentación do sistema climático, polo que se deberían esixir esforzos de redución de emisións máis drásticos. En definitiva, e a expensas dos acordos que se poidan conseguir antes da Cimeira de Durban de 2011, podemos afirmar que, coas tendencias actuais -apreciación na que coinciden desde filósofos como Edgar Morin a científicos como Johan Rockström (www.stockholmresilience.org)-, seguimos avanzando cara ao colapso ambiental planetario.

4.5

A universalidade dos dereitos humanos: entre a retórica e a loita por *María Xosé Agra Romero*

Ao final da primeira década do novo milenio, do novo século, en tempos dunha gran e profunda crise económica, os diagnósticos sobre as condicións da vida contemporánea, máis alá da incerteza e complexidade dun mundo interdependente e global, non adoitan ser claros, o horizonte amósasenos certamente turbo. Aqueles manifestados bos augurios do comezo da década, semellantes aos que se adoitan facer cada aninovo, pronto se viron truncados: 11 de setembro do 2001, e o auxe da lóxica da seguridade a nivel internacional, o discurso dos dereitos humanos tinguido de

intervencionismo; Obxectivos do Milenio: crise económica e aumento da pobreza mundial, máis unha vez adiados. O debate sobre a universalidade dos dereitos humanos renóvase.

En 2010 a fotógrafa e artista Marisa González expoñía a súa obra “Filipinas en Hong Kong”, dando conta nela da situación das mulleres filipinas que traballan no servizo doméstico en Hong Kong, as cifras son significativas: sobre 120.000 ou 150.000 segundo rexistros oficiais, máis, na realidade, esa cifra pode verse duplicada; de feito a antropóloga sociocultural especializada en estudos do sueste asiático Aihwa Ong (2009), manexa a cifra de 240.000 (en Malasia 220.000 e en Singapur 140.000). Estas mulleres gañan 250 euros mensuais e só teñen o domingo libre, os seus empregadores retéñenlle os seus pasaportes e papeis de traballo, con frecuencia véñse sometidas a abusos ou convertidas en escravas sexuais. O que capta a fotógrafa é a invasión do espazo público por parte destas mulleres no seu día libre, toman o centro da cidade, xúntanse arredor do centro financeiro, do HSBC Bank, constrúen os seus currunchos de intimidade colectiva, bailan, comen, fan paquetes para enviar aos seus...

O luns todo volve á ‘normalidade’: executivos, clientes das luxosas tendas da zona. As condicións das traballadoras no servizo doméstico das metrópoles do sueste asiático levan a Ong a falar non da excepcionalidade dos valores asiáticos senón da creación de zonas de excepción, de suspensión de dereitos, que van á par do crecemento económico neoliberal e transnacional, mesmo apunta a emerxencia dunha ‘neoescravidade’, albisca unha crise de dereitos humanos e amósase escéptica respecto da linguaxe dos dereitos humanos.

Máis difundido e coñecido foi a finais do 2010 a concesión do Nobel da Paz ao disidente chino Liu Xiaobo, en recoñecemento da súa traxectoria de loita non violenta polos dereitos humanos fundamentais na China, acreditando, segundo o comunicado do comité do Nobel, *“na cercana relación entre dereitos humanos e a paz, un requisito para a fraternidade entre as nacións”*. A reacción oficial de quen finaliza a década como segunda economía mundial foi de presións e ameazas na política exterior, de apagón, censura e filtros na Internet, no interior. E, en xeral, a fraternidade das nacións torna segundo os intereses económicos.

Ao fío disto, e ben poderían ser axuntados outros casos e outros países, volven as preguntas: ¿Son incompatibles os dereitos humanos e o crecemento económico? ¿É incompatible a universalidade dos dereitos coa diversidade de formas de vida? ¿Son os dereitos humanos, como xusto algúns gobernos do sueste asiático afirmaron, valores ou crenzas occidentais alleos aos valores asiáticos? ¿Son os dereitos humanos un discurso retórico, un disfrazo ideolóxico para estender e protexer as transaccións libres do mercado? ¿A universalización das normas de dereitos humanos agochan o neo-imperialismo ou colonialismo? ¿Na realidade, a linguaxe dos dereitos humanos convértese nunha retórica para avalar o abuso de intervencións humanitarias que só buscan controlar o mundo? ¿Póden-se reclamar dereitos humanos atravesando as fronteiras e a soberanía dos Estados? ¿Son compatibles as barreiras da nacionalidade e os dereitos de cidadanía con normas internacionais de dereitos humanos? Ou, doutro xeito ¿como encaixar dereitos humanos e cidadanía nunha era postwesfaliana? ¿Ula a dignidade humana?

Desde a súa xestación, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos estivo atravesada pola cuestión do universalismo/relativismo, da súa validez intercultural, da súa compatibilidade coa diversidade de formas de vida. Así mesmo houbo e hai debate sobre o seu significado e alcance, sobre o contido das listaxes de dereitos humanos, sobre a súa fundamentación ou xustificación, sobre a imbricación das compoñentes morais, políticas e legais, xerando controversias filosóficas e políticas. Na práctica e na teoría, o escepticismo sobre a linguaxe dos dereitos humanos ten unha longa traxectoria que, co neoliberalismo e o capitalismo global, semella acrecentarse. Non obstante, nesta última década achamos tamén reflexións que sinalan a emerxencia dos dereitos humanos como un proxecto político público global (S. Benhabib, Ch. Beitz) que responde ao tránsito dunha normas de xustiza internacional a unhas cosmopolitas. A linguaxe dos dereitos humanos achantaría así nun novo activismo global, atravesando fronteiras e aberto a posibles e lexítimas variacións, interpretacións, contextualizacións e/ou ampliacións, comprometido con “conversacións culturais complexas”, non coa excepcionalidade. Desde esta perspectiva a linguaxe dos dereitos humanos entronca coa historia política, con aquela que ten que ver coa crítica social e política, coas loitas contra a opresión e a humillación, cos movementos sociais que perseguen a transformación social e política, da que dan cumprida mostra, por exemplo, o movemento afroamericano polos dereitos civís, as loitas das mulleres reclamando que os dereitos humanos comezan na casa, que os dereitos das mulleres tamén son dereitos humanos.

A universalidade dos dereitos humanos, desde esta perspectiva, non remite a unha natureza ou esencia humana, nin pode ser unha universalidade “substitutoria”, que habitualmente acompaña á retórica intervencionista e anula as lexítimas interpretacións e contextualizacións dos dereitos humanos. Como tampouco pode ser cuestionada en aras duns valores diferentes que, á derradeira, buscan manter a orde e a disciplina do statu quo.

Outro universalismo é posible, aquel compatible coa diversidade de formas de vida, coa lóxica democrática e atento ás loitas dos nosos días. Ben é certo que o horizonte non é claro e pode facer medrar o escepticismo, pero tamén é certo que as migracións transnacionais e o novo activismo local/nacional/global non só poñen de manifesto a complexidade da linguaxe da cidadanía e dos dereitos humanos hoxe, tamén indican a emerxencia de novas posibilidades de transformación social e política. Vivimos nun mundo complexo, interdependente e sometido a cambios e retrocesos que seguen liñas non converxentes. O debate filosófico, social e político sobre a universalidade dos dereitos humanos e a dignidade humana ten que ir acorde coas transformacións do mundo en que vivimos.

Os Autores




Agra Romero, Mª Xosé
Catedrática de Filosofía Política da Universidade de Santiago de Compostela. Coordinadora da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Autora de diversas publicacións sobre cidadanía, xustiza social e política, e teoría crítica feminista.



Araczewska, Katarzyna
(Universidade de Lodz, Polonia) é analista colaboradora do IGADI.



Giné, Jaume
Profesor da Facultade de Dereito de ESADE. Investigador asociado do IGADI.



Lugrís, Ramón
Xornalista, tradutor de NNUU e outras organizacións internacionais e membro do Consello Reitor do IGADI.



Mansilla, Roberto
Analista do IGADI e responsable do CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea).




Montoya, Roberto
Xornalista especializado na información internacional, autor, entre outros de “*El Imperio Global*” (2003) ou “*La Impunidad Imperial*” (2005), é colaborador do IGADI.



Ríos, Xulio

Director do IGADI.



Sáez Ponte, Enrique

Licenciado en economía e dereito pola USC e MBA IESE, foi directivo do sector financeiro durante 30 anos. Na actualidade é empresario, presidente da Fundación Juana de Vega e asesor do IGADI.



Toro Hardy, Alfredo

Actual embaixador venezolano en Singapur e anteriormente en España, Reino Unido, Estados Unidos, Brasil, Chile, Irlanda e Bahamas. Autor de 16 libros sobre relacións internacionais.



Tous Sansó, Mª Àngela

Licenciada en Xornalismo pola Universitat Autònoma de Barcelona (2005-2009), con Master en Relacións Internacionais no Institut Barcelona d'Estudis Internacionals, IBEI (2010).



Vales, Carlos

Licenciado en Bioloxía pola USC e Catedrático de Ciencias Naturais. Na actualidade dirixe o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. É autor de diversos libros e publicacións.

IGADI ANNUAL REPORT 2010-2011

Tempo
de
axustes
impulsos,
inercias e
resistencias
na nova orde
global

www.igadi.org

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL

20
ANIVERSARIO
2011

IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

